

Orzamentos

2022

Vicerreitoría de Economía
e Planificación Estratéxica



Memoria

Estrutura do Orzamento de 2022

O orzamento para o exercicio 2022 da Universidade da Coruña desenvolve as Liñas Xerais Orzamentarias de 2022 e acompáñase do Plan Operativo Anual 2022. O presente documento contén os seguintes apartados:

1. Cadro resumo comparativo dos orzamentos de 2021 e 2022.
2. Análise por capítulos de ingresos e gastos.
3. Valoración global
4. Liñas estratéxicas e plans asociados
5. Novidades do orzamento
6. Cadro de contas: Detalle do orzamento por capítulos de ingreso e de gasto.
7. Anexo I: Persoal
8. Anexo II: Plan de investimentos
9. Anexo III: Previsión de ingresos e gastos das entidades dependentes
10. Bases de execución do orzamento.
11. Documento complementario: Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do exercicio económico 2022 ao 2023.

1. CADRO RESUMO COMPARATIVO DOS ORZAMENTOS DE 2021 E 2022.

A UDC presenta un orzamento para o ano 2022 de 147.925.010,60€ o que supón un incremento nominal dun 7,98%. O seguinte cadro resume, a nivel de capítulo, o orzamento de ingresos e de gastos do exercicio 2022, así como a súa evolución respecto do exercicio anterior.

Táboa 1. Evolución do orzamento por capítulos para os anos 2021 e 2022

INGRESOS	2021	%	2022	%	Variación 22/21
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.008.400,00	12,42%	17.013.400,00	11,50%	0,03%
Capítulo IV: Transferencias correntes	96.710.200,03	70,60%	103.352.387,15	69,87%	6,87%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	340.000,00	0,25%	330.000,00	0,22%	-2,94%
Capítulo VII: Transferencias de capital	22.240.592,05	16,24%	26.712.062,77	18,06%	20,10%
Capítulo VIII: Activos financeiros	689.715,02	0,50%	517.160,68	0,35%	-25,02%
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	136.988.907,10	100,00%	147.925.010,60	100,00%	7,98%
GASTOS	2021	%	2022	%	Variación 22/21
Capítulo I: Gastos de persoal	102.127.105,00	74,55%	103.843.761,31	70,20%	1,68%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	16.118.732,48	11,77%	18.664.206,41	12,62%	15,79%
Capítulo III: Gastos financeiros	28.000,00	0,02%	28.000,00	0,02%	0,00%
Capítulo IV: Transferencias correntes	4.750.645,20	3,46%	4.668.780,06	3,16%	-1,72%
Capítulo V: Fondo de continxencia	350.000,00	0,26%	500.000,00	0,34%	42,86%
Capítulo VI: Investimentos reais	13.148.259,25	9,60%	19.997.379,06	13,52%	52,09%
Capítulo IX: Variación de Pasivos financeiros	466.165,17	0,34%	222.883,76	0,15%	-52,19%
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	136.988.907,10	100,00%	147.925.010,60	100,00%	7,98%

A continuación analízanse brevemente as características dos diferentes capítulos e as súas variacións máis significativas.

2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS DE INGRESOS E GASTOS.

2.1 Ingresos

a) Taxas e prezos públicos (Capítulo III)

A principal partida é a matriculación de estudantes. Como se pode ver na táboa 2, no curso académico 2021/22 a matriculación do alumnado correspondente ás diferentes categorías de grao, mestrado, doutoramento e Erasmus ou intercambio alcanza unha cifra de 17.295 alumnos/as, lixeiramente inferior ao curso académico anterior. Por unha banda, neste ano se conseguiu unha taxa de cobertura de ingreso superior aos anteriores. Por outra banda, esta cifra non contempla os datos de alumnos Erasmus matriculados no segundo cuadrimestre polo que é de esperar que a cifra antes mencionada se incremente. De cumprirse ese incremento, teríamos un escenario no que hai unha maior captación de alumnado de primeira matrícula ante unha contorna de escaso ou nulo crecemento demográfico, o que representa un dato moi salientable. Isto quere dicir que a nova oferta académica está tendo a ter unha taxa de aceptación moi alta e adicionalmente os graos e mestrados xa en marcha están a ter un bo rendemento.

Adicionalmente, habería que engadir os estudos propios de posgrao, títulos propios e da Universidade Sénior. Dentro do marco actual de tendencia negativa no Sistema Universitario Español, tratase dun resultado aceptable. Estos datos revelan, como xa se acaba de indicar, que os novos graos e mestrados están tendo unha moi boa aceptación e a oferta formativa en xeral ten unha boa acollida. Por outra banda, ao igual que ocorre no resto de universidades do SUG, hai unha perda de estudantes especialmente na categoría de Erasmus que se espera que poida ir recuperando a medida que vaia mellorando a contorna e no grao de mobilidade. A estratexia que se está a implantar é a de continuar impulsando os novos títulos académicos e continuar coa tendencia dunha maior internacionalización a través de diferentes programas (p. ex. Erasmus+) tanto en Iberoamérica como de Europa.

Outro dos conceptos son os ingresos por investigación como facturación de servizos de investigación, custos indirectos ou alugueres estímase que se espera que continúen coa mesma tendencia dos anos anteriores. En total, hai un valor final no capítulo III por valor de 17,013 millóns de euros, contía que é similar ao ano anterior (17,008), cun peso relativo do 11,50% (véxase a táboa 1). A variación con respecto ao ano anterior é do 0,03%.

Táboa 2. Evolución da matrícula das diferentes categorías de oferta académica

Categoría	Curso 2014/15	Curso 2015/16	Curso 2016/17	Curso 2017/18	Curso 2018/19	Curso 2019/20	Curso 2020/21	Curso 2021/22*
LRU	2.866	1.537	614	308	-	-	-	-
GRAO	14.171	14.646	14.121	13.960	13.794	13.645	13.990	13.598
MESTRADO	1.400	1.629	1.775	1.837	1.914	2.063	2.252	2.256
DOUTORAMENTO	1.473	1.138	1.210	1.143	1.179	1.299	1.297	1.162
ERASMUS	552	600	632	689	576	718	265	279
SUBTOTAL	20.962	19.550	18.352	17.937	17.463	17.725	17.804	17.295
ESTUDOS POSGRAO	657	413	418	375	151	262	280	89
SÉNIOR	663	806	879	954	940	986	392	740
TÍTULOS PROPIOS	33	31	33	26	25	3	-	-
TOTAL	21.815	20.800	19.682	19.292	18.579	18.976	18.476	18.124

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Xescampus; * Pendente de finalizar Posgrao e títulos propios e Erasmus do segundo cuadrimestre

b) Transferencias correntes (Capítulo IV)

A principal fonte de financiamento da UDC son as transferencias correntes. Para o conxunto do Capítulo IV hai un incremento con respecto ao ano 2021 ao pasar de 96,71 a 103,35 millóns de euros o que supón un incremento dun 6,87% (véxase a táboa 1), cun peso relativo nos créditos iniciais de casi un 70%. Trátase da partida de ingresos que experimenta un maior incremento, como consecuencia dos novos subfondos do fondo estrutural como son o “*Subfondo para gasto corrente*” (que alcanza unha contía de 5,39 millóns de euros) e denominado subfondo de “*Estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*” (cunha contía de 4,77 millóns de euros). O outro subfondo que está destinado a mantemento de infraestruturas está encadrado no capítulo 7 de ingresos ou transferencias de capital de ahí que non se inclúa neste capítulo de gasto.

Dentro das transferencias correntes tamén está incluído o subfondo denominado “*Complementos retributivos, compensación por matrículas e sexenios de Investigación e de transferencia*”. Tamén está incluído nesta contía a principal partida orzamentaria de ingresos que se corresponde co denominado subfondo “*Custo estandar*” que alcanza unha contía de 70,64 millóns de euros, contía que non contén o incremento retributivo. Hai que engadir, ademais, as transferencias derivadas do

INEF (3,074 millóns de euros) e as prazas vinculadas ao SERGAS (0,97 millóns de euros). As transferencias correntes representan un 69,87% do orzamento, o cal é unha porcentaxe moi positiva e significativa.

c) Ingresos patrimoniais (Capítulo V)

Son os ingresos dos xuros bancarios e das concesións administrativas. Representan unha porcentaxe moi reducida e non significativa polo que ten moi pouca repercusión na estimación do equilibrio orzamentario. Son os ingresos polos canons, tarifas ou alugueres que cobra a UDC polo uso de espazos. Unha parte importante desta contía non se puido materializar no ano 2020 por mor da covid-19. No ano 2021, a pesar de que houbo melloría, todavía houbo moitas restricións de mobilidade polo que tampouco se puido conseguir esa contía prevista. Para o ano 2022 trátase de recuperar esta actividade desenvolvida con anterioridade ao ano 2020. Experimenta unha lixeira diminución (-2,94%). A estimación en termos absolutos é de 0,330 millóns de euros e un peso relativo de 0,22%, polo que no conxunto do orzamento non é significativa.

d) Transferencias de capital (Capítulo VII)

As transferencias por capital experimentan un incremento moi positivo (20,10%) ao pasaren de 22,24 millóns de euros no ano 2021 a 26,71 millóns de euros no ano 2022 e representan un 18,06% do crédito inicial. Neste caso hai unha lixeira diminución do que corresponde ao fondo do panel de indicadores. Ao non haber trasvase do fondo estrutural ao fondo de resultados o panel de indicadores permanece coa contía que xa ten previsto a comezo do ano. Os fondos procedentes do financiamento de resultados para o SUG alcanzan un valor de 60,72 millóns para o “*Panel de indicadores*” e de 62,54 millóns de euros para o “*Fomento da I+D+i*”. A procedencia destes fondos é tanto de capítulo 4 como de capítulo 7.

No que se refire ao capítulo 7 están o “*Panel de indicadores*” que alcanza unha contía total para o SUG de 31.009.613 e do “*Fomento da I+D+i e da transferencia*”, cunha contía de 21.839.480 euros. A estimación é de 7,37 millóns de euros para o subfondo do panel de indicadores (capítulo 7). Esta contía vaise ver incrementada polos convenios de colaboración de fomento da I+D+i, do resultado do proceso de acreditación dos centros de investigación e da evolución da captación dos fondos “Next Generation EU”.

Dentro destes fondos hai un programa xa concedido como é o programa de recualificación de recursos humanos no que xa se xerou o ingreso de 1,695 millóns, razón pola que non pode ir nos créditos iniciais de 2022. Ademais, existen dous proxectos, dos cales un deles se está a avaliar polo Ministerio de Universidades, denominado Unidigital, cunha contía total para 2021 e 2022 de 1,163 millóns de euros (repartidos en dúas anualidades de 0,524 millóns no 2022 no 0,639 millóns no 2023) e outro de equipamento científico-tecnolóxico singular, para o que existe unha resolución de concesión provisional de 2,76 millóns de euros razón pola que non figura nos créditos iniciais do orzamento para 2022.

Tamén vai recollido neste apartado os proxectos de eficiencia enerxética que se debe materializar ao longo do ano 2022. Ademais, están incluídos neste capítulo os proxectos de investigación (autonómicos e nacionais). Ao igual que en anos anteriores, non se inclúen neste apartado os proxectos europeos debido á dificultade para estimar en moitos casos as anualidades, así como a existencia de proxectos europeos en fase de lanzamento ou pendentes para a sinatura do grant agreement.

e) Activos financeiros (Capítulo VIII)

O remanente estivo a experimentar unha perda motivada polo contexto orzamentario de restrición financeira en anos anteriores, o que derivou nunha redución moi importante do seu volume. Neste ano, a cantidade que corresponde é de 0,52 millóns de euros, o que representa un 0,35% e supón unha redución con respecto ao ano anterior (-25,02%).

En resumo, se observa o incremento tanto das transferencias correntes (6,87% de incremento con respecto ao ano anterior que alcanza unha contía de 103,35 millóns de euros, o que representa case o 70% do orzamento) como das transferencias de capital (26,71 millóns de euros, cun 20,10% de incremento con respecto ao ano anterior, cunha ponderación do 18,06%). O incremento de ingresos con respecto ao ano 2021 é do 7,98%.

2.2 Gastos

Capítulo I. Gastos de persoal

Como se pode ver na táboa 1, os gastos de persoal (103,84 millóns de euros) representan a porción mais importante do total dos gastos, aproximadamente un 70,20%. Os gastos de persoal incrementan un 1,68% se ben non está incluído o incremento retributivo. De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, Facenda autoriza para o ano 2022 os custos de persoal da Universidade de A Coruña nun teito de gasto total de 105.337.249 €. Esta contía sí que inclúe a previsión do incremento retributivo para o ano 2022. A Consellería de Facenda non contempla ningún incremento para os gastos de acción social. A distribución dos diferentes conceptos de gasto están recollidos na seguinte táboa.

Táboa 3. Masa salarial autorizada para o ano 2022 para a UDC

Concepto	Importe
Importe retribucións	66.331.148 €
Complementos persoais	24.052.926 €
Seguridade social	14.223.175 €
Acción social	730.000 €
Total	105.337.249 €

Convén destacar que este é un dos criterios que esixe a Consellería de Facenda para poder conseguir o crédito do fondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica. Polo tanto, hai que facer un seguimento mensual da execución do gasto en capítulo 1.

b) Gastos correntes (Capítulo II)

Os gastos correntes de cara ao ano 2022 experimentan un incremento do 15,79%, de modo que pasaron de 16,12 a 18,66 millóns de euros. É o maior incremento dos gastos correntes nos derradeiros anos. Como consecuencia da situación económica actual, caracterizada por un crecemento dos prezos das materias primas existe un incremento destes gastos o cal débese principalmente ao incremento xeralizado dos prezos das materias primas o que está repercutindo no incremento dos gastos xerais e de funcionamento como subministración de enerxía eléctrica, limpeza, seguridade, combustibles, canons, mantementos, tributos, seguros, etc. O contexto inflacionario no que estamos inmersos é preocupante posto que ademais da subida dos custos diminúe notablemente a capacidade adquisitiva

dos axentes económicos. Supón un 12,62% do total do gasto (véxase a táboa 1).

A pesar do control do gasto corrente, o incremento dos custos das materias primas, o crecemento xeneralizado do custo da vida ou novas necesidades derivadas do envellecemento do equipamento ou da vida útil dos edificios son variables que están a condicionar enormemente o mantemento e redución destes gastos.

c) Transferencias correntes (Capítulo IV)

Estímase un montante de 4,67 M€ o que supón unha importancia relativa dun 3,16% e unha diminución do 1,72%. É importante destacar o apoio que quere facer esta universidade cos programas de apoio ao estudantado como bolsas, mobilidade (ex. programa de bono-bus), residencias, promoción das actividades culturais ou deportivas, etc.

Do mesmo xeito, é importante salientar o esforzo que se fixo no ano 2021 en relación coas convocatorias de programas de apoio ao estudantado como consecuencia da situación derivada da crise económica e por problemas de necesidades económicas. Consideramos fundamental o apoio ao estudantado.

d) Investimentos reais (Capítulo VI)

O capítulo de investimentos experimenta un incremento no exercicio 2022 nun 52,09% no que destaca o crecemento do investimento tanto material como inmaterial. É o incremento mais importante dos derradeiros anos. Estímase en 20,00 millóns de euros o que representa un 13,52% do total do orzamento. A I+D+i é unha das principais ferramentas con que contamos para facer fronte aos retos que nos plantexou a crise da covid-19. Polo tanto, a I+D+i é un dos principais elementos da visión do plano estratéxico que está en proceso de elaboración.

O obxectivo deste investimento é dar resposta aos retos da dixitalización e da transición ecolóxica a través de proxectos ou accións concretas. En consecuencia, as accións que forman parte dos convenios que comezaron en 2021 e que continúan en 2022, están centrados en proxectos de I+D+i, eficiencia enerxética e na sustentabilidade. Tamén está incluído o fondo de infraestruturas no que se inclúen proxectos de eficiencia enerxética. Así, destacarían proxectos de eficiencia enerxética como a reforma e ampliación do CITIC, proxectos de infraestruturas singulares de investigación (ex. Ci3 ou Cidade das TIC), infraestruturas de apoio á investigación (ex. reforma de Batallóns) e proxectos ou accións de I+D+i ao que hai que engadir a captación dos fondos Next Generation. Polo tanto, ademais do gasto que figura nos créditos iniciais hai investimentos xa en curso ou a piques de lanzarse no próximo ano 2022. Esta contía é aínda maior xa que existen programas “Next Generation EU”

como é o de recualificación de recursos humanos que non está incluído nos créditos iniciais. Ten unha dotación de 1,695 millóns de euros anuais no período 2021-23- para o cal xa se xenerou o adianto no ano 2021. Por esta razón, non figura nos créditos iniciais do orzamento. Existen dous programas máis. O primeiro é o fondo Unidigital, dirixido a mellorar a transformación dixital, cunha dotación de 0,524 millóns de euros no ano 2022 e 0,639 millóns no ano 2023. O segundo programa é un fondo que afecta ao equipamento científico-tecnolóxico, para o cal se conseguiu 2,756 millóns de euros. Non figura nos créditos iniciais xa que neste momento aínda está a resolución provisional. A suma dos tres programas ascende a 4,976 millóns de euros na anualidade de 2022. No momento de redactar este documento se está a someter un novo programa centrado na eficiencia enerxética consistente en impulsar as fontes de enerxía renovable.

e) Resto de partidas. Gastos financeiros (Capítulo III), Fondo de continxencia (Capítulo V) e Variacións en activos e pasivos financeiros (Capítulo VIII e IX).

Estas partidas supoñen unha participación moi reducida no gasto total. No caso de gastos financeiros (0,028 millóns de euros, cunha ponderación do 0,02%) non varía. Na partida das variacións de activos financeiros non hai cambios. No caso do pasivo financeiro hai unha diminución (de 0,47 a 0,22 millóns de euros, cun peso relativo dun 0,15% e unha redución do 52,19% con respecto ao ano 2021). Este dato é moi positivo xa que supón unha redución importante das cotas dos anticipos reintegrables. Se incrementa o fondo de continxencia para poder atender posibles continxencias ou gastos extraordinarios (0,5 millóns de euros, o cal supón un 0,34% e un incremento do 42,86% con respecto ao ano anterior).

3. VALORACIÓN GLOBAL

En xeral, pódese concluír o seguinte:

1) Equilibrio orzamentario

O equilibrio orzamentario do orzamento do ano 2022 sitúase no nivel dos 147,93 millóns de euros, cun incremento do 7,98%. No orzamento do exercicio económico do ano 2022 existe unha mellora notable das transferencias correntes (capítulo 4) -no que se inclúe a mellora do financiamento estrutural-.

2) Contexto de incerteza económica

A crise do coronavirus causou unha perda do PIB moi importante no ano 2020 de case 11 puntos porcentuais. A pesar da lixeira melloría neste ano 2021, todavía existe un alto grao de incerteza da economía. A proba deste feito é que se esperaba un incremento do PIB para este ano do 6%, o cal non puido materializarse. De igual xeito, o incremento dos prezos da enerxía e os problemas de abastecemento nas cadeas globais de subministros están ocasionando non só unha presión inflacionaria nos prezos senón tamén o relanzamento da economía.

3) Mellora do financiamento estrutural e diminución do financiamento por resultados.

O fondo estrutural mellorou dun xeito moi notable ao incrementar en máis de 10 millóns de euros mentres que hai unha diminución de 3 millóns no financiamento por resultados como consecuencia de que non hai trasvase de crédito dende o subfondo custo estándar ao panel de indicadores.

4) Incremento dos gastos correntes (capítulo II) e dos investimentos en I+D+i (capítulo VI)

O capítulo 1 increméntase até alcanzar unha contía de 103,84 millóns, o cal non ten o incremento retributivo. Destaca o gran incremento dos gastos correntes (enerxía eléctrica, limpeza, seguridade, combustibles, seguros, tributos, mantementos, xardinaría, etc). En total, os gastos correntes ascenden a 18,67 millóns de euros, cun incremento do 15,79%, mentres que as transferencias correntes se manteñen entorno ao nivel dos 4,7 millóns de euros.

5) Impulso dos campus de especialización e acreditación o Campus Industrial de Ferrol

Preténdese impulsar o Campus Innova, o Campus Sustentabilidade e o Campus Industrial de Ferrol cuxas grandes liñas de especialización, tanto de investigación como de transferencia, xa están definidas. Dentro do Campus Industrial destacan a fabricación aditiva, a robótica industrial, materiais, a optimización dos procesos industriais, a xestión industrial, a enxeñaría naval e off-shore e deseño e

desenvolvemento de produto. Por medio destes campus inténtase dar unha mellor oferta académica e mellorar a súa transferencia de coñecemento. De igual xeito, o Campus Innova e Sustentabilidade van impulsar o proxecto da Cidade das TIC.

6) Impulso da investigación e da transferencia

No ámbito da investigación e transferencia destaca o avance do centro singular do CITIC no eido das tecnoloxías da informacións e das comunicacións. Tamén se quere someter a avaliación dos centros de investigación do CICA e do CITEEC. O obxectivo de cara a 2022 é consolidar esta traxectoria e crear un centro de investigación referente e singular no eido da industria intelixente integrado no Campus Industrial de Ferrol.

7) Elaboración do documento de visión, misión e valores e lanzamento dos grupos de traballo para avanzar no Plano Estratéxico

Logo de aprobarse o documento de visión, misión e valores no Consello de Goberno vaise afondar na redacción do Plano Estratéxico focalizado en dar resposta ao contexto de incerteza económica na que estamos inmersos, captar fondos europeos das convocatorias “Next Generation” e en dar resposta aos grandes retos da dixitalización e da sustentabilidade, nomeadamente aos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

8) Maior énfase nas políticas de aforro e investimento en programas de eficiencia enerxética

Vaise continuar coa implantación de programas de aforro como a adhesión a centrais de compra, así como o desenvolvemento de mais proxectos de eficiencia enerxética. Os proxectos dos edificios de NORMAL, ETSAC, Pavillón de Deportes, EPS, Humanidades e Reitoría rematados neste ano 2021 son un exemplo de posta en práctica de políticas de aforro económico, enerxético e de respecto do medio-ambiente.

9) Aprobación da nova RPT

O luns 15 de novembro publicouse no DOG a nova RPT. Esta relación de postos de traballo está baseada nos principios de especialización de postos de alta cualificación, traballo en equipo e a flexibilización funcional.

10) A Cidade das TIC: Comezo da edificación do CSA

Vai a dar comezo a construción do primeiro dos edificios do Centro de Servizos Avanzados (CSA) da Cidade das TIC.

4. LIÑAS ESTRATÉXICAS E PLANS ASOCIADOS.

Esta universidade quere potenciar cinco grandes áreas que corresponderían a cinco obxectivos estratéxicos que están integrados dentro dos Campus de especialización. Tamén vai ser necesario potenciar a captación dos fondos Next Generation e impulsar notablemente a I+D+i.

Estas áreas son i) a definición dunha nova oferta académica, innovación docente e empregabilidade, ii) a potenciación da I+D+i, nomeadamente a investigación e transferencia; iii) un maior compromiso coa internacionalización, iv) financiamento e uso eficiente dos recursos e v) a sustentabilidade e responsabilidade social. Os Plans asociados pódense consultar no Plan Operativo Anual, documento complementario deste documento. Nese documento pódese observar que existe unha maior atención á investigación e transferencia e simultaneamente á captación de fondos en diferentes convocatorias, incluídos os fondos Next Generation. De igual xeito, prestase especial atención ao Campus Industrial de Ferrol, o cal ao conseguir a acreditación no mes de marzo de 2021, conseguiu un financiamento plurianual para o período 2021-23, o cal está baseado nun plano estratéxico, tamén esixido pola comisión que valorou a súa acreditación. Tamén destaca o maior impulso da internacionalización, a implantación dos primeiros proxectos de eficiencia enerxética e a cidade das TIC. A continuación resáltanse os principais obxectivos e os programas previstos para dar resposta a estes obxectivos.

4.1 CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN: ACREDITACIÓN DO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL

Como xa se explicara no Claustro de decembro de 2021, o Campus Industrial estaba no proceso de acreditación, feito que puido conseguirse. Así, o 15 de marzo do ano 2021 fíxose oficial a acreditación, acto ao que asistiu o presidente da Xunta de Galicia. O Campus Industrial se converteu no primeiro campus de especialización acreditado do Sistema Universitario Galego, feito que vai permitir ter acceso a financiamento estable no trienio 2021-2023. A comisión encargada de liderar este proceso de acreditación esixiu a necesidade de dispor dun Plano Estratéxico, o cal disporá dun Plan Operativo Anual, nomeadamente POA. Será presentado xunto co anteproxecto de orzamento do ano 2022.

4.1.1 Fitos valorados pola comisión

a) Oferta académica adaptada as necesidades da contorna

Destaca o incremento da oferta de novos títulos e tamén o reposicionamento doutra oferta formativa. Desde o ano 2016, o Campus Industrial de Ferrol (CIF) promoveu un proceso de renovación académica aliñada coa industria intelixente e a Fábrica 4.0 que pretende impulsar con todas as súas accións. Así, implantáronse 6 novas titulacións (2 graos e 4 másteres) e modificáronse outras 5 para

orientalas ao máximo cara á especialización do Campus. En total, 11 dos 23 títulos do CIF (41%) son novos ou foron renovados. Os novos títulos son o Máster Universitario en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético (2016-2017), o grao en Xestión Industrial da Moda (2018-2019), o Máster Universitario en Enxeñaría en Deseño Industrial (2018-2019), o Máster Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos (2018-2019), o grao en Xestión Dixital da Información e Comunicación (2019-2020) e o Máster Universitario en Informática Industrial e Robótica (2020-2021).

b) Investigación e transferencia mais conectada do tecido produtivo

Destaca a potenciación da investigación, a transferencia e a conexión co tecido produtivo. O CIF está potenciando a investigación interdisciplinar de calidade no ámbito da industria intelixente e a fabricación avanzada. Uns dos piares do CIF é a contribución á transformación do tecido produtivo da contorna mediante a transferencia de tecnoloxía e coñecementos ás empresas tractoras de diferentes sectores desenvolvendo proxectos de I+D aplicados á industria e colaborando no ámbito docente. Tamén destacan as distintas cátedras como, por exemplo, a Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos, a Cátedra Jorge Juan, a Cátedra Epifanio Campo ou a Cátedra de Protección Civil e Xestión de Emerxencias.

c) Promoción e difusión

Por ultimo, no eido da promoción e difusión, dende 2016 desenvolvéronse máis de 40 actividades divulgativas e de promoción ligadas á especialización industrial do Campus, entre as que destacan seminarios, xornadas, eventos, feiras e edición de materiais docentes divulgativos e audiovisuais.

4.1.2 Plan estratéxico

Logo de ver o que se fixo no período 2016-20, expónse a visión, misión e valores así como as grandes áreas de especialización. Para iso, establécense diferentes obxectivos estratéxicos asociados a diferentes áreas ou piares, así como o establecemento das accións dirixidas a daren resposta a eses obxectivos e a definición dos indicadores correspondentes para tal efecto.

a) Visión e misión

O Campus Industrial de Ferrol ten como misión afondar na súa especialización dentro dos ámbitos da industria intelixente e a fabricación avanzada a través dunha perspectiva integrada e multidisciplinar en que se potencie a docencia, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a

transferencia do coñecemento do Campus Industrial de Ferrol ao tecido empresarial da contorna e á sociedade en xeral. Con isto, o Campus Industrial quere ser un axente estratéxico que contribúa a mellorar a competitividade, eficiencia e sostibilidade tanto dos sectores industriais estratéxicos de Galicia (naval, enerxético, téxtil etc.) como dos sectores emerxentes (industria do videoxogo, por exemplo), mediante a formación de profesionais para o exercicio das actividades profesionais ligadas aos ditos sectores e o desenvolvemento de coñecementos e novos avances tecnolóxicos.

b) Ámbitos de especialización

Os ámbitos de especialización concretos do CIF, a través dos que se materializan a misión e visión, son seis: L1. Robótica industrial, L2. Materiais, L3. Optimización de procesos industriais, L4. Enxeñaría Naval e Offshore, L5. Xestión industrial e L6 Desenvolvemento de produto.

c) Obxectivos estratéxicos

O CIF pretende avanzar na especialización deste campus e converterse no campus de especialización universitario de referencia en Galicia no eido industrial. Para iso, establécense seis obxectivos estratéxicos (OE), aliñados con cada unha das dimensións establecidas para o CIF, que serán os eixes en que se sustentarán as liñas de actuación e as accións. Trátase da i) gobernanza participativa, ii) axenda de especialización científica, iii) a docencia consolidada, iv) I+D+i reforzada, v) relación co tecido produtivo e vi) visibilización e divulgación científica.

d) Plans de acción

A partires dos obxectivos estratéxicos, se fixan diferentes liñas de traballo que agrupan as máis de 27 accións, tendo en conta os valores transversais de internacionalización, sostibilidade e responsabilidade social, que poderán afectar a todas as liñas estratéxicas fixadas.

Entre os programas asociados a investigación destacan a captación e rentención de talento, o programa de Doutoramento Industrial, a produción Científico – Técnica, o fortalecemento das capacidades en industria intelixente e. Teñen unha dotación de 585.000€. Os programas de a potenciación da unidade de relación industrial, a posta en valor da I+D+i e promoción da transferencia, a xestión e comercialización de patentes ten unha asignación orzamentaria de 100.000€. O reforzo da internacionalización está presente nos programas da Unidade de Relación Internacional, na posta en valor da oferta docente a nivel internacional e no programa de mobilidade internacional do PDI e nun Plan de Formación continua en Industria Intelixente. A dotación económica para estes programas é de 184.300€. Para potenciar a dimensión docente vanse desplegar os programas dun observatorio para

a análise da demanda e docentes e empregabilidade dos egresados do CIF, un programa de seminarios especializados e unha estratexia comercial para a captación de estudantes. A dotación destes programas é de 150.000€. Finalmente, están os programas asociados á promoción e difusión e mellora da gobernanza concretados na estratexia de comunicación e difusión do CIF, nun Plan de actividades e difusión e dinamización e dun programa de mellora da gobernanza. A dotación económica é de 202.300€. No plano operativo anual existe unha síntese dos obxectivos, actuacións ou programas e orzamentos asociados así como a partida orzamentaria.

O Campus Sustentabilidade lanzouse en xuño de 2018 e o Campus Innova en novembro de 2018. Preténdese avanzar na definición das grandes áreas especialización sobre as cales se concreten tanto as liñas de investigación ou de transferencia como as áreas de interese formativo ou académico. Deste xeito, preténdese continuar coa implantación da oferta de graos e mestrados baseados nos campus de especialización que intenten dar resposta ás novas necesidades sociais e de formación de profesionais do futuro que sirvan para impulsar sectores estratéxicos para a nosa comunidade autónoma. No ámbito da docencia destaca o programa “*Educando para a Sustentabilidade*”, cunha vocación moi práctica e aplicada que se concretou en obradoiros, talleres e sesións formativas. O grao interuniversitario en Paisaxe vai finalizar a primeira edición. Tamén debemos salientar a mellora no *ranking* internacional GreenMetric no que a Universidade mellora a súa posición e acada o posto sétimo de España e 85 a nivel mundial.

Tamén destaca a implantación dos proxectos de eficiencia enerxética dos edificios de Normal, ETSAC, Pavillón de Deportes, Reitoría, EPS e Humanidades. O Campus Innova presentouse o pasado 16 de novembro. No ámbito da investigación e transferencia destaca a renovación do centro singular do CITIC no eido das tecnoloxías da informacións e das comunicacións para o período 2019-22. No ano 2022 volverá presentarse. De igual xeito, ao igual que o CITIC, o resto de centros de investigación vanse presentar á convocatoria de centros de investigación. É de destacar a aceptación que están a experimentar os novos graos asociados e vinculados á area tecnolóxica e dixital como o grao en Videoxogos (entra no terceiro curso) e o grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos –comeza o segundo curso neste ano 2021-22, ao igual que o grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía–. En todos os casos se completaron integramente as prazas que se ofertaban. Tamén hai que salientar o éxito conseguido co programa Alumni e co programa STEM Bach, ambos dirixidos tanto á captación de talento como á promoción de vocacións científicas no eido da enxeñaría e das áreas de coñecemento científico-tecnolóxica. Por último, quérese destacar a contribución dos dous campus ao proxecto da Cidade das TIC.

4.2 DOCENCIA E APRENDIZAXE

Os obxectivos estratéxicos desta unidade son crear unha aprendizaxe de calidade no ámbito do espazo europeo de educación superior; unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados e unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno.

4.2.1 Aprendizaxe de calidade

Cómpre resaltar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da EIDUDC, e da modificación do SGC nos centros, que levará a unha xestión máis eficaz e áxil. Este proceso irá acompañado dunha nova aplicación informática que suporá unha importante mellora para a xestión da calidade nos centros.

Así mesmo, en relación coa procura dos mellores estándares de calidade das nosas titulacións, seguirase a traballar con seguimento das titulación de grao e mestrado que xa obtiveron os selos internacionais *EUR-ACE®* e *EURO-INF*, e coa revisión e mellora daqueles aspectos que figuran nos criterios de avaliación dos mestrados para a obtención da Mención de Excelencia, que concede a Xunta de Galicia. Na actualidade a UDC conta xa con 4 mestrados que foron distinguidos con esta mención que recoñece os seus elevados niveis docentes e científicos.

Igualmente, preténdese realizar unha dotación das ferramentas virtuais destinadas a desenvolver unha rede de Calidade Docente e organizar as VI Xornadas de Innovación Docente. Dentro dos plans formativos do profesorado, vaise seguir priorizando a formación sobre competencia dixitais e estratexias de innovación dixital.

Durante o ano 2020 elaborouse unha normativa para regular os estudos semipresenciais e a distancia na UDC e que se publicou en xaneiro do 2021. No 2022 se revisará para adaptala aos requisitos que se inclúen no RD 822/2021. A docencia semipresencial e a distancia supón unha aposta decidida pola renovación metodolóxica e tecnolóxica para avanzar cara a un proceso de ensino-aprendizaxe centrado no estudante.

Outra cuestión prioritaria na área de docencia e aprendizaxe é o axuste da oferta formativa ás necesidades da contorna, incluída a demanda crecente de formación ao longo da vida. A flexibilidade que caracteriza ás modalidades semipresencial e a distancia pode ter interese para unha gran variedade de alumnado potencial, pois permítelle deseñar e compatibilizar o seu proceso de ensino-aprendizaxe

e o horario deste en función dos seus intereses particulares para compaxinar e conciliar a súa vida laboral e persoal co desenvolvemento dos estudos. A UDC ha de ser capaz de atender as necesidades e demandas do seu alumnado e de adaptar os seus métodos á demanda social dun mundo cada vez máis globalizado.

Así mesmo, convocarase unha nova edición do programa DOCENTIA, no que se buscará mellorar e simplificar aqueles aspectos da convocatoria anterior sinalados polos distintos axentes implicados no proceso. No 2022 esperamos poder certificar o noso programa. A obtención da devandita certificación seguirá a ter unha especial relevancia polo anuncio da futura convocatoria dun sexenio docente e a súa vinculación ao programa DOCENTIA.

4.2.2. Empregabilidade

Os obxectivos operativos relacionados co obxectivo estratéxico da empregabilidade e emprendemento dos egresados (OE2) son impulsar e facilitar a realización de prácticas de calidade en empresas e institucións, impulsar o desenvolvemento de competencias que melloran a empregabilidade dos estudantes e fomentar o emprendemento do estudantado.

Para o desenvolvemento deses obxectivos operativos destacamos os seguintes programas. No eido das prácticas destaca o programa de cursos e conferencias da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente que segue a atender as necesidades singulares de prácticas docentes externas así como a partida de investimentos para o apoio á xestión e a difusión das oportunidades de prácticas e emprego desde as redes sociais e a páxina web.

Os principais programas asociados á empregabilidade son os desenvolvementos pola Unidade de Emprego da UDC e polo Observatorio Ocupacional. Entre as actividades formativas con medios propios ou en colaboración con outras entidades (cooperativismo, empregabilidade, internacionalización da empregabilidade), destacan a organización do Programa de Mellora da Empregabilidade nos centros (PMEC), enfocado aos coñecementos imprescindibles de cara á inserción laboral e a colaboración co CUFIE no Plan de Apoio á Aprendizaxe (PAA), que organiza o curso de mellora da empregabilidade para alumnado de grao e máster, e a organización do Foro Avanza, co que se pretende facilitar a transición ao mundo laboral do alumnado e persoas egresadas a través da mellora das competencias máis demandadas no mercado.

No eido do emprendemento destaca a xestión do programa EXPLORER (anteriormente YUZZ). Ademais temos a participación na Rede Eusumo (Cooperativismo e Economía Social) e, de novo, tanto a organización do Foro Avanza, onde se desenvolven charlas informativas, obradoiros, e se expoñen experiencias de persoas egresadas da UDC e de empresas, como o PMEC, que posúe dous módulos relacionados co emprendemento.

Por último, cómpre sinalar que no desenvolvemento dos obxectivos vinculados á empregabilidade e o emprendemento, prevese que teña un papel cada vez máis relevante a asociación de ex estudantes “Alumni UDC”.

Con respecto ao Observatorio Ocupacional, cabe destacar a realización do estudo de inserción laboral de egresados e egresadas que, entre outros fins, configúrase como unha acción crítica para avanzar no axuste das titulacións de grao e posgrao ás necesidades sociais do noso contorno.

4.2.3 Oferta formativa adaptada á contorna

Para o desenvolvemento das políticas proactivas de captación de estudantes e a promoción da actividade do estudantado destacan os premios á excelencia no grao, as actividades divulgativas en lugares públicos destinadas ao público en xeral e a creación desde o SAPE das redes sociais correspondentes á atención ao público, con especial interese aos centros de ensino medio.

No que se refire a comunicación e a coordinación co ensino medio e o ensino superior non universitario destaca a difusión con soportes actuais adaptados ao estudantado de ensino medio, en que se fai especial fincapé nos novos títulos de grao.

4.3 INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

4.3.1 Potenciar e reforzar a actividade investigadora con medios humanos, económicos e organizativos

Entre o 2021 e 2023 vaise a realizar un reforzo e fortalecemento dos centros de investigación. En particular destacan as actuacións dirixidas a fortalecer a súa actividade investigadora ou de transferencia do CITIC, CITEEC, CICA e CIT.

CITIC. Se van a desenvolver diferentes accións entre as que destacan o reforzo das súas futuras áreas de investigación como son a Industria 4.0 e TIC en saúde; a mellora da divulgación do coñecemento, continuar con programa XoveTic, o investimento en equipamento para laboratorios do centro;

avanzar na internacionalización; o programa de talentos Inclusivos e a formación en ferramentas TIC e IA; as accións de colaboración en Saude e dixitalización (e-Health) e a captación de talento (Captación de Talento COFUND. 3-i ICT, “international, interdisciplinary and inter-sectoral Information and Communications Technology PhD Programme”).

CICA. O CICA pretende dar un paso adiante como centro de investigación, o que implica atopar unha singularidade dentro do espazo de investigación galego dentro dos campos das áreas de Química, Bioloxía e Medicina e na liña estratéxica de novas técnicas de diagnóstico e terapéuticas.

Para iso, quérese fortalecer a xestión, a mellora na focalización do centro, a dotación de novos laboratorios e equipamento, a potenciación de proxectos disruptivos focalizados nas liñas estratéxicas e a colaboración con outras institucións de investigación, así como labores de divulgación.

CITEEC. A súa finalidade é mellorar e intensificar a investigación e transferencia de coñecemento no ámbito da enxeñería e edificación sustentables e innovadoras dende a óptica da análise experimental e con sólido apoio numérico. O eixo básico e diferenciador é o CITEEC, unha infraestrutura singular que está á vangarda internacional da tecnoloxía e a experimentación en enxeñería civil e edificación. As accións consisten en mellorar a xestión e gobernanza do CITEEC, fomentar a investigación, innovación e internacionalización participando nas redes interlabs e de benchmarking con outros laboratorios de entidade internacional como o CITEEC; fortalecer a capacidade innovadora dos investigadores vinculados ao centro e atraer talento nas liñas estratéxicas do centro e fortalecer a relación e a transferencia co tecido empresarial (grandes empresas, medianas e pemes).

CIT. Busca o seu reposicionamento hacia a investigación en industria do futuro (4.0). Pode consultarse as actuacións xa comentadas de investigación e transferencia do Campus Industrial de Ferrol.

4.3.2 Captación de recursos económicos dos fondos “Next Generation” EU e potenciar a cooperación público-privada

Na actualidade se están desenvolvendo a xestión de diferentes programas entre os que destacan o programa de Recualificación de recursos humanos cunha dotación de 1,7 millóns de euros anuais a desenvolver entre 2021 e 2023 e o programa de equipamento científico-tecnolóxico onde se acadou 2,76 millóns de euros. O plan de dixitalización alcanza unha contía de 0,524 millóns de euros en 2022. De igual xeito, existen declaracións de interese onde se presentan diferentes proxectos estratéxicos de recuperación e transformación, nomeadamente PRTR.

4.3.3 Producción científica de calidade

Destacan o financiamento plurianual a grupos, unidades e investigadores individuais que será por un

total de 800.000€; as subscricións a publicacións periódicas supoñen arredor de 1,3M€, dos cales 684.905,30€ supoñen a contribución que esta universidade fai ao Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG). Ademais, as diferentes universidades achegan cada unha 122.003,76€ para o funcionamento do consorcio.

4.3.4 Incrementar a colaboración coas empresas do contorno

No que se refire ao obxectivo estratéxico 4, os programas que destacan son o apoio á protección dos resultados de investigación mediante patentes ou rexistros da propiedade intelectual e desenvolver medidas para a súa explotación, apoiar as EBT (empresas de ámbito tecnolóxico) en que participa a UDC como medio para a transferencia á sociedade dos resultados de investigación xerados polos nosos grupos, a estruturación adecuada das canles de transferencia de resultados na UDC, a potenciación da acreditación de ensaios realizados polos Servizos de Apoio á Investigación e incrementar a súa colaboración co tecido produtivo.

4.3.5 Internacionalización da investigación

No que se refire ao obxectivo estratéxico 5, os principais programas asociados son o programa INDITEX-UDC que financia estadias predoutorais no estranxeiro, os programas de participación no H2020 e noutras convocatorias internacionais, a procura de acordos estratéxicos, mediante convenios marco, con centros de investigación doutras universidades que permitan a necesaria internacionalización dos investigadores e o programa de apoio á presentación de proxectos colaborativos por parte de grupos de investigación.

4.4 INTERNACIONALIZACIÓN

4.4.1 Creación de titulacións e un ambiente universitario internacionais

Entre as ferramentas que destacan están a International Summer School e a consolidación dos programas de docencia en inglés nos niveis de grao e mestrado e a promoción de premios que contribúen a fornecer a visibilidade da UDC (Premio ao Estudiantado UDC Erasmus Ambassador e o International Student Ambassador para todo o estudante estranxeiro, de mobilidade ou non, da nosa institución ou International Faculty Award). Tamén destaca a oferta de novas dobres titulacións internacionais e a sinatura de convenios específicos con universidades chinesas. Estase tamén a traballar en posibles colaboracións con ENSTA Grande École de Brest, Navantia e as titulacións do CIF.

Asociado T3	P4	18	63.802,08	60.436,80	0,00	20.706,66	0,00	50.730,94	195.676,48
Asociado T3	P5	14	62.030,64	58.758,00	0,00	20.131,58	0,00	48.617,48	189.537,70
Asociado T3	P6	59	313.686,48	297.133,44	0,00	101.804,50	0,00	246.924,36	959.548,78
LECTOR	P6	4	25.251,84	22.322,88	0,00	6.317,56	0,00	18.862,30	72.754,58
Asociado T1	P3	32	68.056,32	39.141,12	0,00	8.933,12	0,00	40.181,17	156.311,73
Asociado T1	P6	23	97.828,20	56.262,60	0,00	12.841,59	0,00	57.758,61	224.691,00
Prof. Contratado Investi- gador	TC	2	29.145,36	18.348,96	7.416,00	7.291,70	6.573,62	24.140,25	92.915,89
Interino de substitución	TC	103	1.189.749,28	861.689,76	384.952,20	409.497,51	148.608,46	1.036.994,38	4.031.491,59
Interino de substitución	P3	7	18.610,20	17.627,40	0,00	6.039,60	2.780,34	15.770,14	60.827,68
Interino de substitución	P4	4	14.178,24	13.430,40	0,00	4.601,48	1.544,22	11.814,02	45.568,37
Interino de substitución	P5	7	31.015,32	29.379,00	0,00	10.065,79	1.931,21	25.336,96	97.728,28
Interino de substitución	P6	48	255.202,56	241.735,68	0,00	82.824,00	23.137,41	208.904,73	811.804,37
Profesor Colaborador	TC	37	539.189,16	339.455,76	137.196,00	134.896,45	147.342,85	451.731,92	1.749.812,14
Profesor Contratado Doutor	TC	209	3.023.690,12	2.185.546,44	1.255.153,68	889.690,86	494.341,28	2.717.874,94	10.566.297,32
Total:		705	7.239.407,28	5.381.389,68	1.784.717,88	2.160.403,20	1.023.232,00	6.096.086,00	23.685.236,04

Complementos PDI funcionario 2022	
Méritos docentes-quinquenios (inc.func.int)	5.141.894,55
Méritos investigación - sexenios	2.855.894,13
Cargos académicos docentes	649.130,00
Sexenios ensino secundaria	15.754,00
Compl. autonóm. labor docente	669.856,64
Compl. autonóm. labor investigadora	558.775,08
Compl. autonóm. excelencia	1.330.854,60
Compl. autonóm. á xestión	273.112,08
IPC Galego Complementos	22.240,77
Compensación I.T. PDI Funcionario	55.000,00
Complementos PDI contratado 2022	
Cargos académicos cont. docentes	325.100,00
Compl. autonóm. labor docente	151.629,44
Compl. autonóm. labor investigadora	131.273,28
Méritos docentes cont. lab. fixo	1.311.151,68
Méritos investig. cont. lab. fixo	389.336,84
Comp. auton. excel. curricular	185.797,92
Comp. auton. cargos xestión	20.725,20
Sexenios ensino secundaria	6.100,00
Gratificacións persoal docente	35.000,00
Prazas vinculadas Concierto Sergas	627.613,24

Cargos Reitoría 2022	
Reitor	18.721,08
Vicerreitores e Secretario Xeral	67.747,80

Concepto 212 “Edificios e outras construcións”

A función deste crédito é posibilitar que a dirección do centro poida acometer reparacións menores que, pola súa escasa importancia e elevada urxencia, non sexan asumidas polo servizo da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica.

O importe deste concepto distribuirase exclusivamente entre centros con sede consolidada.

Cando existan dous ou máis centros que comparten edificio, o gasto desconcentrado xestionarase polo director/decano do centro con maior número de alumnos, quen tomará as decisións de autorización e disposición do gasto co visto bo do director/decano do outro centro. De existiren discrepancias arredor da xestión destes créditos, serán dirimidas polo vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica.

As modificacións de créditos (transferencias, redistribucións, etc.) serán adoptadas polo director/decano do centro con maior número de alumnos co visto bo do director/decano do outro centro. De existiren discrepancias arredor da xestión destes créditos, serán dirimidas polo vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica.

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- 40% en función dos m² de superficie de cada centro.
- 20% en función da antigüidade do edificio:
 - Centros de máis de 20 anos: 2 puntos.
 - Centros de máis de 10 anos: 1,5 puntos.
 - Centros de 8, 9 ou 10 anos: 1,25 puntos
 - Centros de 5, 6 ou 7 anos: 1 punto.
 - Centros de ata 4 anos: 0,5 puntos.
- 20% en función do número de alumnos/as.
- 20% en función do coeficiente de experimentalidade definido no Programa de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia.

Concepto 220 “Material de oficina”

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- Dótase a cada centro dunha cantidade fixa por importe de 2.500 €.
- restante distribúese da seguinte forma:
 - 50% en función do número de profesores/as, ponderados por dedicación.
 - 50% en función do número de alumnos/as.

Os centros cuxa xestión académica e económica é realizada por unha UXAI deberán contribuír ao sostemento conxunto dos gastos asociados ao seu funcionamento. Por esta razón, os centros xestionados por unha UXAI verán separado un 10% da contía en outra partida que será utilizada co fin anteriormente sinalado sen prexuízo de que outras contribucións sexan necesarias.

No caso das UXAI do Campus de Ferrol, o gasto centralízase na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

Concepto 221 “Subministracións”

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- 45% a partes iguais entre todos os centros
- 55% en función do número de alumnos/as ponderados polo cadrado dos coeficientes de experimentalidade.

Concepto 222 “Comunicacións”:

Destinado a atender os gastos derivados de comunicacións postais e doutro tipo, excluindo as comunicacións telefónicas.

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- Asígnase unha cantidade de 400,00 € por centro.
- A cantidade restante distribuirase da seguinte maneira:
 - 50% en función do nº de profesores/as ponderados por dedicación.
 - 50% en función do nº de alumnos/as.

Os centros cuxa xestión académica e económica é realizada por unha UXAI deberán contribuír ao sostemento conxunto dos gastos asociados ao seu funcionamento. Por esta razón, os centros xestionados por unha UXAI verán separado un 10% da contía en outra partida que será utilizada co fin anteriormente sinalado, sen prexuízo de que outras contribucións sexan necesarias.

No caso das UXAI do Campus de Ferrol, o gasto centralízase na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

Concepto 226.01 “Atencións protocolarias”

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- 25 % a partes iguais entre todos os centros
- 25 % en función do número de profesores/as ponderados por dedicación.
- 50 % en función do número de titulacións oficiais existentes no centro

No caso dos Departamentos o reparto fíxose tendo en conta o número de profesores do departamento e a súa dedicación.

Concepto 226.14 “Gastos de Funcionamento ”

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- 10 % a partes iguais entre todos os departamentos
- 90% en función do número de profesores en equivalente a tempo completo.

Redúcese a parte fixa para que a obrigada redución orzamentaria afectara menos a aqueles departamentos con mais profesorado e maior dedicación.

Os departamentos deberán contribuír ao sostemento conxunto dos gastos asociados ao funcionamento das UADIs. Por esta razón, verán separado un 10% da contía en outra partida que será utilizada co fin anteriormente sinalado, sen prexuízo de que outras contribucións sexan necesarias.

Concepto 229.01 “Actividades Culturais, deportivas e outras (Centros)”

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- 40 % a partes iguais entre todos os centros
- 40 % en función do número de alumnos/as
- 20 % en función do número de titulacións oficiais existentes no centro

Concepto 230 “Axudas de custo e locomoción”

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- Dótase unha cantidade fixa por centro de 500 €.
- A cantidade restante distribúese do seguinte xeito:
 - 70% en función do nº de profesores/as ponderados por dedicación.
 - 30% en función do nº de titulacións oficiais existentes nos centros.

CAPÍTULO VI

Concepto 625. Mobiliario e equipamento

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- Unha cantidade fixa por centro de 6.000 €.
- O resto repartirase co criterio do número de alumnos/as, ponderados por coeficiente de experimentalidade.

Os centros cuxa xestión académica e económica é realizada por unha UXAI deberán contribuír ao sostemento conxunto dos gastos asociados ao seu funcionamento. Por esta razón, os centros xestionados por unha UXAI verán separado un 5% da contía en outra partida que será utilizada co fin anteriormente sinalado.

No caso das UXAI do Campus de Ferrol, o gasto centralízase na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

Concepto 628.00 “Fondos bibliográficos Centros”

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- 40 % a partes iguais entre todos os Centros
- 20% en función do número de alumnos/as ponderados por o inverso do coeficiente de experimentalidade.
- 15% en función do nº de titulacións existentes nos Centros
- 25% en función do número de profesores en equivalente a tempo completo multiplicados por os seguintes coeficientes relativos segundo a procedencia do profesorado: departamentos experimentais x2; departamentos semi experimentais x3 e departamentos non experimentais x4.

Concepto 649.10 “fondos de financiamento a grupos de investigación”

Dende o ano 2017 estes fondos son repartidos a partir da avaliación da ANEP co baremo utilizado pola Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia. Os fondos asignados neste exercicio poderán ser utilizados durante os exercicios 2021, 2022 e 2023.

COEFICIENTES QUE SE CITAN

- Coeficientes profesorado:
 - a) Profesores/as a tempo completo 1,0
 - b) Profesores/as a tempo parcial 0,5Os profesores/as computarán no centro no cal teñan maior docencia.
- Os coeficientes de experimentalidade que se aplican a cada unha das titulacións son os definidos no Programa de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia.

Como xa se explicou, existen uns criterios de reparto xa establecidos para estimar as contías dos capítulos 2 e 6, respectivamente, tanto para departamentos como para centros e facultades. Porén, os recortes derivados da crise económica e do insuficiente financiamento estrutural causaron tanto a redución das partidas destes capítulos como a imposibilidade de recuperar os niveis de gasto previos á crise. En consecuencia, mantense a mesma dotación orzamentaria que o ano anterior para os centros e os departamentos.

8. ANEXO II. ANEXO DE INCREMENTOS

Plan de Incrementos para o ano 2022 (Fondos centralizados)

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
ÁREA TIC	10.00 04.00 422D 625.00	Mobiliario	10.000,00€
	10.00 04.00 422D 623.00	Instalacións	130.000,00€
	10.00 04.00 422D 626.00	Sistemas para procesamento de información	156.000,00€
	10.00 04.00 422D 640.06	Dominios	1.000,00€
Total			297.000,00€

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VEPEM	03.00 422D 625.00	Mobiliario e avíos	13.800,00 €
	03.00 422D 6226.00	Sistemas para procesamento de información	1.000,00 €
Total			14.800,00€

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VPAID	04.00 04.05 422D 626.00	Sistemas para procesamento de información	1.500,00 €
Total			1.500,00€

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VIC	08.00 422D 626.00	Sistemas para procesamento de información	3.000,00 €
Total			3.000,00€

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VICD	17.00 422D 625.00	Mobiliario e avíos	13.800,00 €
	17.00 17.10 321A 625.00	Mobiliario e avíos. área deportes. Material deportivo	15.000,00 €
	17.00 17.00 03 321A 625.00	Mobiliario e avíos. Aula náutica. Material deportivo	7.000,00€
	17.00 422D 626.00	Sistemas para procesamento de información	1.000,00€
Total			36.800,00€

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
Secretaría Xeral	01.00 0105 122B 628.00	Servizo Rexistro adquisición fondos bibliográficos	3.000,00 €
Total			3.000,00€

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
Xerencia	10.00 422D 622.00	Sprrl. Seguridade e saúde edificios	7.500,00 €
	10.00 541A 622.00	Sprrl. Seguridade e saúde edificios. Investigación	17.500,00 €
	10.00 422D 623.00	Sprrl. Instalacións	11.000,00 €
	10.00 541A 623.00	Sprrl. Instalacións. Investigación	7.500,00 €
	10.00 422D 623.01	Xerencia. Maquinaria	33.000,00 €
	10.00 422D 624.00	Xerencia. Elementos de transporte	80.000,00 €
	10.00 422D 625.00	Sprrl. Mobiliario e avíos	3.500,00 €
	10.00 541A 625.00	Sprrl. Mobiliario e avíos. Investigación	15.000,00 €
	10.00 541A 626.00	Sprrl. Sistemas para proceso de información	4.500,00 €
Total			179.500,00 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VIS	02.00 0201 422D 622.00	Edificios e outras construcións	400.000,00 €
	02.00 0201 541A 622.00	Edificios e outras construcións. Investigación	51.000,00 €
	02.00 0201 422D 623.00	Instalacións.	219.770,53 €
	02.00 0201 541A 623.00	Instalacións. Investigación	75.000,00 €
	02.00 541A 623.01	Maquinaria	40.000,00 €
	02.00 422D 623.04	Eficiencia enerxética	30.000,00 €
	02.00 422D 625.00	Mobiliario e avíos	143.050,07 €
	02.00 541A 625.00	Mobiliario e avíos. Investigación	20.000,00 €
	02.00 0200 05 422D 625.00	Mobiliario a avíos	9.000,00 €
Total			987.820,60€

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VPCIT	05.07 541A 625.00	Mobiliario e avíos. CIT Ferrol	5.500,00 €
	05.02 122B 626.00	Mobiliario e avíos. BIBLIOTECA	20.600,00 €
	05.04 541B 625.00	Mobiliario e avíos. SAI	30.000,00 €
	05.22 541B 626.00	Sistemas para procesamiento de información. Iu Xeoloxia	1.650,00 €
	05.24 541B 626.00	Sistemas para procesamiento de información. IU Estudos Europeos	1.650,00 €
	05.26 541B 626.00	Sistemas para procesamiento de información. IU medio Ambiente	1.650,00 €
	05.27 541B 626.00	Sistemas para procesamiento de información. IU Estudos irlandeses Amergín	1.650,00 €
	05.29 541B 626.00	Sistemas para procesamiento de información. IU Estudos marítimos	1.650,00 €
	0500 0501 26 541A 640.01	Cofinanciamento Recursos humanos	167.949,55 €
	0500 0501 28 541A 640.01	Cofinanciamento Ciencia excelente	140.000,00 €
	0500 0504 541A 640.07	SAI. Licencias software	25.000,00 €
	0500 541A 649.10	Fondos de financiamento de unidades e grupos de investigación	800.000,00 €
	Total		1.197.299,55 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
VCFRS	09.00 422D 622.00	Investimentos en terreos e bens naturais. Parcela Esteiro.	85.709,72 €
	09.00 46 0096 422D 640.00	Edificios e outras contrucións (recursos alleos). Convenio Deputacion Couruña. Rehabilitacion	300.000,00 €
	09.00 541A 622.00	Edificios e outras contrucións (Recursos propios).	367.500,00 €
	09.00 422D 623.00	Instalacións.	10.668,06 €
	09.00 422D 625.00	Mobiliario e avíos.	82.279,00 €
	09.00 0900 13 422D 625.00	Mobiliario e avíos. Udc Saudable.	1.000,00 €
	09.00 47 0101 422D 640.00	Catedra Cosme de los Ríos. Convenio Navantia.	38.250,00 €
	09.00 422D 626.00	Sistemas para procesamiento de información.	6.175,00 €
	0507 44 0004 541 640.00	Laboratorio de Combustibles.	156.371,68 €
Total			1.047.953,46 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
I+d+i (Campus Industrial)	09.00 44 F100 541A 640.00	Investigación	585.000 €
	09.00 44 F300 422D 640.00	Internacionalización	184.300 €
	09.00 44 F500 422D 640.00	Dinamización. Promoción e difusión	50.000 €
	09.00 44 F200 541A 640.00	Transferencia	100.000 €
	09.00 44 F600 422D 640.00	Oficina técnica- Capital humano	152.000 €
	09.00 44 F400 422D 640.00	Docencia e oferta formativa	150.000 €
Total			1.221.300,00€

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
I+d+i (CITIC)	05.08 44 B100 541A 640.00	Actuacións xerais	695.500 €
Total			695.500 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
I+d+i (CITEEC)	05.06 44 B100 541A 640.00	Actuacións xerais	266.600 €
Total			266.600 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
I+d+i (CICA)	05.09 44 B100 541A 640.00	Reforzo de capital humano	110.000 €
	05.09 44 B200 541A 640.00	Promoción e difusión	30.000 €
	05.09 44 B300 541A 640.00	Asesoría técnica	25.000 €
	05.09 44 B400 541A 640.00	Proxectos disruptivos.	25.000 €
	05.09 44 B500 541A 640.00	Equipamento especializado científico-tecnolóxico	50.000 €
	05.09 44 B600 541A 640.00	Mobiliario e equipamento	30.000 €
	05.09 44 B800 541A 640.00	Gastos estruturais	35.000 €
Total			305.000 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
I+d+i (CIT)	05.07 44 B400 541A 640.00	Proxectos disruptivos.Canal de ensaios hidrodinámico	50.000 €
	05.07 44 B500 541A 640.00	Equipamento especializado científico-tecnolóxico	15.000 €
	05.07 44 B700 541A 640.00	Instalacións. Laboratorio de combustibles	20.000 €
	05.07 44 B110 541A 640.00	Reforma e acondicionamento Laboratorio de Combustibles	20.000 €
Total			105.000 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
I+d+i (Campus Industrial)	09.00 44 B100 541A 640.00	Reforzo de capital humano	60.000 €
	09.00 44 B300 541A 640.00	Asesoría técnica	80.000 €
	09.00 44 B900 422D 640.00	Docencia innovadora	72.000 €
	09.00 44 B110 422D 640.00	Reforma e acondicionamento de UXAI	48.400 €
	73.00 44 B110 300C 640.00	Reforma e acondicionamento Laboratorios EPEF	48.400 €
	02.00 44 B110 422D 640.00	Reforma e acondicionamento	48.400 €
	10.00 44 B110 422D 640.00	Reforma e acondicionamento	43.800 €
Total			401.000 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
I+d+i: Campus de Especialización	05.00 44 B100 541A 640.00	Reforzo de capital humano	145.000 €
	12.00 44 B900 422D 640.00	Docencia innovadora	30.000 €
	12.00 44 B900 422D 640.00	Promoción e difusión	15.000 €
	05.09 44 B300 541A 640.00	Asesoría técnica	15.000 €
	05.09 44 B400 541A 640.00	Proxectos disruptivos	30.000 €
	61.60 44 B500 541A 640.00	Equipamento científico-tecnolóxico.	10.000 €
Total			245.000 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
I+d+i: OTRI	05.05 44 B100 541A 640.00	Reforzo de capital humano	320.000 €
	05.05 44 B300 541A 640.00	Asesoría técnica	27.000 €
	05.05 44 B800 422D 640.00	Gastos estruturais	25.000 €
	05.05 44 B140 541A 640.00	Software e hardware especializado en xestión da investigación	60.000 €
Total			432.000 €

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
Vicexerencia de investigación	10.00.44.01.00 422D 640.00	Proxectos de eficiencia enerxética e sustentabilidade	900.000,00€
	10.00.44.00.99 541A 640.00	I+D+i	2.755.522,67€
Total			3.655.522,67€

Unidade de xestión	Partida Orzamentaria	Categoría	Importe
Xerencia (Área TIC)	10.00 51 NG 422D 626.00*	Dixitalización e transformción dixital (Proxecto Unidigital)	524.014,20 €
	05.00 51 NG 01 541A 640.01* 05.00 51 NG 02 541A 640.01* 05.00 51 NG 03 541A 640.01*	Programas de recualificación de recursos humanos	1.695.000,00 €
VPCIT e Vicexerencia investigación e de Coordinación	05.00 51 NG 541A 640.00*	Equipamento científico-tecnolóxico	2.756.903,91 €
*Total dos Fondos Next Generation, anualidade 2022			4.975.918,11 €

* Non figuran nos créditos iniciais do orzamento xa que nun caso se xerou xa o adianto e noutros casos están pendentes da resolución definitiva de concesión no caso de proxecto "Unidigital"

Investimento procedente de fondos descentralizados

CENTRO e ECONÓMICA ASOCIADA	INVESTIMENTO	CENTRO e ECONÓMICA ASOCIADA	INVESTIMENTO
61.00 - FACULDADE DE CIENCIAS	27.104,79	62.00 - FACULDADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA	42.028,67
625 - MOBILIARIO E AVÍOS	16.403,10	625 - MOBILIARIO E AVÍOS	28.251,43
628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	10.701,69	628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	13.777,24
61.20 - FACULDADE DE DEREITO	45.874,99	63.00 - ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA	56.017,08
625 - MOBILIARIO E AVÍOS	9.608,60	625 - MOBILIARIO E AVÍOS	32.303,30
628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	36.266,39	628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	23.713,78
61.30 - FACULDADE DE FILOLOXÍA	35.867,12	63.10 - ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE NÁUTICA E MÁQUINAS	30.361,40
625 - MOBILIARIO E AVÍOS	11.663,87	625 - MOBILIARIO E AVÍOS	13.225,20
628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	24.203,25	628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	17.136,20
61.40 - FACULDADE DE INFORMÁTICA	63.536,94	63.20 - ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS	36.191,86
625 - MOBILIARIO E AVÍOS	43.015,13	625 - MOBILIARIO E AVÍOS	15.061,32
628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	20.521,81	628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	21.130,54
61.50 - FACULDADE DE SOCIOLOXÍA	22.425,53	65.10 - FACULDADE DE FISIOTERAPIA	25.776,18
625 - MOBILIARIO E AVÍOS	5.008,14	625 - MOBILIARIO E AVÍOS	11.828,86
628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	17.417,39	628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	13.947,32
61.60 - FACULDADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN	18.364,32	65.20 - FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	72.359,24
625 - MOBILIARIO E AVÍOS	7.944,75	625 - MOBILIARIO E AVÍOS	29.506,00
628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	10.419,57	628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	42.853,24
61.70 - FACULDADE DE ECONOMÍA E EMPRESA	68.630,34	65.30 - FACULDADE DE CIENCIAS DA SAÚDE	21.096,97
625 - MOBILIARIO E AVÍOS	19.601,33	625 - MOBILIARIO E AVÍOS	11.765,29
626 - EQUIPAMENTO PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	8.400,57	628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	9.331,68
628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	40.628,44		
61.80 - FACULDADE DE TURISMO	6.298,61	67.00 - ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA	35.662,45

625 - MOBILIARIO E AVÍOS	1.000,00	625 - MOBILIARIO E AVÍOS	17.623,97
628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	5.298,61	628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	18.038,48

CENTRO e ECONÓMICA ASOCIADA	INVESTIMENTO	CENTRO e ECONÓMICA ASOCIADA	INVESTIMENTO
71.00 - FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN	22.834,44	75.00 - FACULTADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA	23.851,91
625 - MOBILIARIO E AVÍOS	7.729,40	625 - MOBILIARIO E AVÍOS	14.851,91
628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	15.105,04	628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	9.000,00
76.00 - FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO	17.639,62	77.10 - ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL	16.084,89
625 - MOBILIARIO E AVÍOS	7.239,62	625 - MOBILIARIO E AVÍOS	12.491,53
628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	10.400,00	628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	3.593,36
78.00 - ESCOLA POLITÉCNICA DE ENXEÑARÍA DE FERROL	69.051,71		
625 - MOBILIARIO E AVÍOS	30.728,49		
626 - EQUIPAMENTO PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	10.000,00		
628 - INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	28.323,22		
Total acumulado (totalidade dos centros)	757.059,06 €		

9. Anexo III: Previsión de ingresos e gastos das sociedades dependentes

Orzamento de Ingresos e Gastos para o ano 2022 da Fundación CITIC de GALICIA

FUNDACION CITIC DE GALICIA (G70470968)

Ingresos	2022
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	0,00
a) Cotas de usuarios e afiliados	0,00
b) Ingresos de patrocinadores e colaboradores	0,00
c) Subvencións, doazóns e legados imputados ao resultado	0,00
2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil.	505.000,00
3. Outros ingresos	0,00
4. Ingresos financeiros	0,00
5. Ingresos extraordinarios	0,00
Total Ingresos	505.000,00

Gastos	2022
1. Axudas monetarias e outros.	0,00
2. Consumos de explotación.	0,00
3. Gastos de persoal	238.500,00
4. Dotacións para amortización de inmovilizado.	1.000,00
5. Outros gastos	245.200,00
6. Variación das provisións da actividade e perdas de créditos incobrables.	0,00
7. Gastos financeiros e gastos asimilados	0,00
8. Gastos extraordinarios	0,00
Total Gastos	484.700,00

Ingresos – Gastos	20.300,00
-------------------	-----------

Orzamento de Ingresos e Gastos para o ano 2022 da SOCIEDADE XESTORA DO CITIC

SOCIEDADE XESTORA DO CITIC, S.L. (B70004155)

Ingresos	2022
1. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil.	89.200,00
2. Outros ingresos	10.000,00
3. Ingresos financeiros	0,00
4. Ingresos extraordinarios	0,00
Total Ingresos	99.200,00

Gastos	2022
1. Consumos de explotación.	0,00
2. Gastos de persoal	66.200,00
3. Dotacións para amortización de inmovilizado.	9.500,00
4. Outros gastos	82.000,00
5. Variación das provisións da actividade e perdas de créditos incobrables.	0,00
6. Gastos financeiros e gastos asimilados	0,00
7. Gastos extraordinarios	0,00
8. Imposto sobre sociedades	0,00
Total Gastos	157.700,00
Ingresos - Gastos	-58.500,00

Orzamento de Ingresos e Gastos para o ano 2022 da FUAC

FUNDACION DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ingresos	2022	Porcentaxe
1. Ingresos da actividade propia	545.000,00	72,7%
Cursos e masters	55.000,00	7,3%
Contratos e convenios	125.000,00	16,7%
Bolsas	360.000,00	48,0%
Formación continua	5.000,00	0,7%
2. Cotas de usuarios e afiliados	20.000,00	2,7%
Cotas fundadores	10.000,00	1,3%
Cotas de número	5.000,00	0,7%
Cotas xurídicos	5.000,00	0,7%
Cotas físicos	0,00	0,0%
3. Promocións, patrocinadores e colaboracións	0,00	0,0%
4.- Iniciativas, proxectos	170.000,00	22,7%
Subvencións	170.000,00	22,7%
Facturación	-	-
5. Ingresos financeiros	0,0	0,0%
6. Ingresos extraordinarios	15.000,00	2,0%
Total Ingresos	750.000,00	100,0%

Gastos	2022	Porcentaxe
1.- Axudas monetarias	0,0	0,0%
2.- Colaboracións e do órgano de Goberno	0,0	0,0%
3.- Consumos de explotación	0,0	0,0%
4.- Persoal estrutura	446.500,00	61,2%
Nóminas	340.000,00	46,6%
Seguros sociais	105.000,00	14,4%
Otros gastos sociais	1.500,00	0,2%
Indemnizacións	0,00	0,0%
5.- Outros gastos de estrutura	58.000,00	7,9%
Cotas e afiliacións	0,00	0,0%
Servizos externos e profesionais independentes	30.000,00	4,1%
Arrendamentos e cánones	1.500,00	0,2%
Reparacións e conservación	3.500,00	0,5%
Comunicacións, mensaxeiros e correos	4.500,00	0,6%
Material de oficina	10.000,00	1,4%
Desprazamentos, relacións públicas e publicidade	5.000,00	0,7%
Primas de seguros	2.000,00	0,3%
Servizos bancarios e similares	1.500,00	0,2%
6.- Provisións	0,00	0,0%
7.- Amortizacións	30.000,00	4,1%
8.- Asociados á actividade	180.000,00	24,7%
Da actividade propia (prácticas, XD, form. Cont.)	50.000,00	6,8%
A persoal e becarios de proxectos e iniciativas	0,00	0,0%
Gastos directos de proxectos e iniciativas	130.000,00	17,8%
9.- Financeiros e asimilados	500,00	0,1%
10.- Extraordinarios	15.000,00€	2,1%
Total Gastos	730.000,00€	100,0%

Ingresos-Gastos	20.000,00
------------------------	------------------

Orzamento de Ingresos e Gastos para o ano 2022 da SOCIEDADE DE ENXEÑARÍA CIVIL

SOCIEDADE DE ENXEÑARÍA CIVIL

Ingresos	2022
Cotas	24.032,00
Financeiros	400,00
Over Heads Convenios	60.000,00
Total Ingresos	84.432,00

Gastos		2022
Fundacionais	Canon Universidade	9.500,00
	Investimentos na escola	5.000,00
	Premios mellores expedientes académicos e Premios Mellores Expedientes Bacharelato	12.500,00
	Premio profesor Rodrigo del Hoyo	2.500,00
Funcionamento	Representación Fundación	1.100,00
	Aplicacións informáticas	2.230,00
	Persoal contratado	35.100,00
	Asesoría Contable/Fiscal	2.500,00
	Asesoría Laboral	5.000,00
	Profesiones independientes e seguros	6.090,00
	Gastos financieros	452,00
	Gastos de viaxe	20,00
	Material de oficina	1.500,00
	Reprografía	50,00
	Teléfono	90,00
	Mensaxería e correos	800,00
	Total gastos	

10. Bases de Execución do Orzamento de 2022

Base 1ª “VINCULACIÓN DE CRÉDITOS”

1.- Os créditos consignados nos estados de gastos destinaranse exclusivamente ás finalidades específicas para as que foron autorizadas pola aprobación do orzamento ou polas modificacións aprobadas conforme á normativa vixente.

2.- Con carácter xeral, a vinculación dos créditos será a nivel de centro de gasto (orgánica – en xeral os catro primeiros díxitos, pero en créditos con financiamento alleo ou finalista (proxectos de investigación, convenios, cursos, etc.) a vinculación será a nivel da propia orgánica da aplicación (de seis a dez díxitos), de programa (funcional) e de capítulo (económica). Dentro desta vinculación, as modificacións orzamentarias formalizaranse mediante as correspondentes redistribución de créditos.

3.- Dentro de cada un dos programas de gasto, os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de capítulo. En consecuencia, os créditos destinados a gastos de persoal, agás os que se refiren a incentivos ao rendemento (vinculado a nivel de concepto), e os gastos en bens correntes e servizos, terán carácter vinculante a nivel de capítulo cando pertencen ao mesmo programa de gasto.

4.- Consonte o anteriormente sinalado e coa finalidade de realizar un adecuado control na execución dos créditos orzamentarios, no sistema informático UXXI-E determínase que a formalización das vinculacións se realice a nivel de aplicación orzamentaria, debéndose efectuar, cando for preciso, as correspondentes redistribucións orzamentarias, formalizadas nos documentos contables 095 Positivo e 091 Negativo.

5.- No sistema informático UXXI-E a vinculación de créditos orzamentarios de: convenios, fondos de investigación, proxectos de investigación e proxectos docentes, está establecida a nivel da económica principal:

- Convenios de colaboración e contratos (640.00)
- Fondos de investigación da Universidade (649.00)
- Proxectos investigación (649.02)
- Proxectos docentes (649.03)

Base 2ª “NULIDADE DE OBRIGAS”

1.- Non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos figurados nos estados de gastos, segundo a vinculación establecida na base 1ª, sendo nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan estas normas, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar.

2.- Exceptúanse do disposto no apartado 1 desta base aqueles compromisos de gasto que regulamentariamente se determinen, cando a imputación corresponda a créditos ampliáveis ou que se adquiran como consecuencia das necesidades propias do normal funcionamento dos servizos e o seu importe exacto fose de difícil previsión por corresponder a obrigas de tracto sucesivo.

Base 3ª “GASTOS PLURIANUAIS”

1.- Poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, cando o seu contido coincida cos que a seguir se especifican:

- a) Investimentos e transferencias de capital
- b) Transferencias correntes, derivadas das normas con rango de lei.
- c) Gastos en bens e servizos cuxa contratación, baixo as modalidades establecidas na Lei de contratos das administracións públicas, non poida ser estipulada ou resulte antieconómica por prazo dun ano.
- d) Arrendamento dos bens inmoables que vaian ser utilizados por servizos da universidade.
- e) Cargas financeiras derivadas das operacións de endebedamento da universidade.
- f) Activos financeiros.
- g) Convenios con outras institucións ou centros cando aqueles deban executarse durante cursos académicos coincidentes con dous ou máis exercicios orzamentarios.

2.- A autorización da realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase aos créditos que para cada exercicio se consignaren no orzamento da universidade. Con este fin, establécese que:

- Se existe financiamento afectado (proxectos, convenios...), o responsable do crédito deberá xustificalo documentalmente perante a unidade administrativa que formalice o compromiso e que esta unidade remitirá ao Servizo de Intervención xuntamente co documento contable que formalice o devandito compromiso. A unidade administrativa que formalice o expediente de gasto deberá solicitar previamente a conformidade da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica, debendo figurar no documento contable esta conformidade antes da súa remisión ao servizo de Intervención/ou da contabilización do expediente de gasto, no caso dos expedientes de gasto exentos de intervención previa, en aplicación da RR pola que se establece o límite exceptuado de intervención previa nos expedientes de gasto da UDC.
- Se o financiamento é propio da UDC (xa sexan créditos centralizados ou descentralizados), a unidade administrativa que formalice o expediente de gasto deberá solicitar previamente a conformidade da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica, debendo figurar no documento contable esta conformidade antes da súa remisión ao servizo de Intervención/ou da contabilización do expediente de gasto, no caso dos expedientes de gasto exentos de intervención previa, en aplicación da RR pola que se establece o límite exceptuado de intervención previa nos expedientes de gasto da UDC.

3.- Con data de 19/11/2022 as unidades administrativas deberán comunicar á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica os compromisos plurianuais adquiridos ata a dita data.

A unidade administrativa que formalice o compromiso de gasto, cando facilite información a Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica, para a elaboración do anteproxecto de orzamento deberá ter en conta o importe do/s gastos plurianuais formalizados con cargo a cada partida, para que no orzamento do exercicio que corresponda exista dotación suficiente para asumir o/s compromisos plurianuais formalizado/s con anterioridade.

4.- O número de exercicios a que poden aplicarse os gastos incluídos nos apartados a), b), c), f) e g) do número 1 non poderá ser superior a catro.

Así mesmo, o gasto que en tales casos se impute a cada un dos exercicios posteriores non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito inicial a nivel de concepto as seguintes porcentaxes:

- No exercicio inmediato seguinte, o 70%
- No segundo exercicio, o 60% e
- Nos exercicios terceiro e cuarto, o 50%

O/a vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica poderá modificar as porcentaxes sinaladas, así como modificar o número de anualidades en casos especialmente xustificados. Deberá informar á Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno estas modificacións.

O gasto que se comprometa con cargo a exercicios futuros non poderá exceder do resultado de lle aplicar ao crédito inicial correspondente do exercicio corrente as porcentaxes establecidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, salvo o que para os expedientes de obra sinala a Lei de contratos das administracións públicas

5.- Os compromisos de gastos de carácter plurianual a que fai referencia a presente base serán adecuadamente contabilizados de forma independente.

6.- Para garantir o financiamento dos gastos plurianuais, deberán reflectirse no módulo de proxectos do sistema contable da UDC Universitas UXXI-Económico (en diante UXXI-Ec) o financiamento futuro que soportará os ditos compromisos, para tal efecto ditarase a correspondente instrución da posta en marcha do referido módulo.

Base 4ª “ANULACIÓN DE CRÉDITOS”

1.- Os créditos destinados a atender gastos que no último día do exercicio orzamentario non estiveren afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, salvando, en todo caso, o disposto na base 12ª sobre incorporación de créditos.

Base 5ª “REGULACIÓN DE OBRIGAS”

1.- Con cargo aos créditos consignados nos estados de gastos só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servizos, e demais gastos en xeral que fosen realizados no ano natural do correspondente exercicio orzamentario.

2.- Porén, aplicaránselles aos créditos do orzamento vixente no momento de expedición de ordes de pagamento as seguintes obrigas:

- As que resultaren do recoñecemento e da liquidación de atrasos a favor do persoal que reciba as súas retribucións con cargo aos orzamentos da universidade.
- As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores.

3.- En relación coa tramitación de facturas a través do Sistema Electrónico de Facturación (SEF) e a súa conexión con UXXI-Ec se estará ao que dispón a Instrución da Xerencia 1/2015 de 14 de xaneiro, e a normativa complementaria.

4.- Naqueles casos en que non exista crédito adecuado no exercicio corrente, o/a vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica poderá determinar os créditos a que se lles deberá imputar o gasto desas obrigas.

Base 6ª “MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS”

1.- As modificacións dos créditos orzamentarios axustaranse ao disposto nestas bases de execución.

2.- Toda proposta e acordo de modificación orzamentaria deberá indicar expresamente o centro de gasto, programa, capítulo, artigo, concepto e subconcepto, se for o caso, afectados por esta, e a procedencia da incorporación, de terse feita. Haberá que informar tamén a natureza xurídica da procedencia do financiamento e xustificación da súa tramitación e finalidade da mesma.

3.- Para o suposto de redistribución de créditos, aplicarase o disposto na base 1ª.4.

4.- Non terán a consideración de transferencias de créditos, aínda que se formalicen por este procedemento orzamentario, aquelas modificacións que sexan consecuencia de expedientes de compensación de créditos e retencións a favor da UDC a servizos centrais dende aplicacións orzamentarias dos distintos centros de gastos, as distribución de créditos de servizos centrais a centros, departamentos, grupos de investigación ou unidades xestoras equivalentes. Estas modificacións serán tramitadas por servizos centrais a través do procedemento de transferencias orzamentarias.

6.- As transferencias de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a distintos centros de gasto, programas e/ou capítulos deberán tramitarse a través das correspondentes modificacións orzamentarias, que deberán ser autorizadas polo/a vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica. En todo caso, estas transferencias axustaranse ao disposto nas bases 9ª e 10ª.

Dentro do mesmo capítulo, as modificacións orzamentarias entre centros de gasto e programas diferentes consideraranse transferencias de crédito e deberán ser autorizadas polo vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica, logo de solicitude razoada do responsable do gasto. En ningún caso será posible a transferencia de máis do 25 % do crédito inicial entre aplicacións pertencentes a diferentes programas de gasto.

Excepcionalmente, poderase solicitar autorización para realizar modificacións orzamentarias entre programas ás que non lles sería de aplicación a limitación anterior. As solicitudes deberán ser motivadas polo director do centro de gasto e autorizadas polo vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica.

A asociación do crédito (ou aplicación orzamentaria) ao programa 541A "Investigación", deberá estar xustificado suficientemente ao mesmo tempo que se tramite a correspondente modificación orzamentaria (xeración ou transferencia) ante a Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica ou ante a Xerencia, dada a súa transcendencia fiscal.

Non terán a consideración de transferencia de crédito as modificacións que deba realizar a Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica, como consecuencia de reorganizacións administrativas ou modificacións na estrutura que afecten á UDC ou á outras entidades e que teñen repercusión orzamentaria na universidade.

Base 7ª “CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS”

Cando deba realizarse algún gasto con cargo aos orzamentos da universidade que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito nos estados de gastos, ou sexa insuficiente e non ampliable o consignado, o/a Reitor/a someterá ao acordo do Consello Social a concesión dun crédito extraordinario, no primeiro caso, ou dun suplemento de crédito, no segundo, en que se especificarán necesariamente os recursos con que se financiará o gasto que por estas causas se xera, e o detalle do concepto orzamentario que se debe crear ou que é suplementado.

Base 8ª “CRÉDITOS AMPLIABLES”

Os créditos poderán ter a consideración de ampliables, segundo a normativa orzamentaria, agás nos seguintes casos:

- crédito correspondente ao cadro de persoal dos funcionarios docentes da universidade, excluídos os conceptos retributivos a que alude o artigo 69.3 da Lei orgánica de universidades.
- crédito correspondente ao cadro de persoal dos funcionarios non docentes.

Base 9ª “COMPETENCIAS”

1.- O Consello Social, delega:

- no Consello de Goberno, e con carácter xeral, a aprobación da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- no Consello de Goberno, as transferencias de crédito de gastos correntes a créditos de gastos de capital.

2.- O Consello de Goberno, delega:

- na Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno a validación, se proceder, de expedientes de gasto e a correspondente imputación dos mesmos a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores ou no exercicio corrente, malia que non existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia e/ou non fosen debidamente adquiridos consonte ao ordenamento vixente. O Consello de Goberno deberá ser informado das validacións realizadas pola Comisión delegada.
- na vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica a determinación da imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos de gasto adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

3.- Os Capítulos VIII e IX de gasto serán asimilados a gastos de capital a efectos de transferencias.

4.- Debido ao seu carácter instrumental, o Capítulo V de gasto (“Fondo de Continxencia”) poderá financiar, mediante transferencia ordenada pola vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica, tanto gasto corrente como de capital en calquera programa.

5.- As transferencias de créditos de gastos de capital a calquera outro capítulo de gastos correntes debe de acordalas o Consello Social, consonte a lexislación vixente.

6.- Os expedientes de incorporación de créditos serán autorizados e aprobados polo/a vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica.

7.- O/A vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica, autorizará as modificacións precisas para situar no orzamento de gastos os créditos afectados por transferencias finalistas de calquera procedencia. No suposto de que as obrigas recoñecidas superen o importe final da transferencia, o financiamento da diferenza realizarase mediante a minoración noutros créditos, de financiamento propio, preferentemente con cargo a operacións correntes e ao centro de gasto que se determine.

8.- O financiamento dos créditos no Estado de Gastos con cargo ao remanente non afectado durante o exercicio do orzamento será aprobado polo/ vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica, previo informe favorable da Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno.

9.- O/A vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica establecerá anualmente o período de tramitación dos expedientes de gasto de imputación ao exercicio corrente. Os expedientes de gasto, de financiamento propio da UDC, correspondentes a IRS, conferencias e asistencias a órganos colexiados, tribunais ou outros órganos de selección e traslados para impartir docencia, que se tramiten despois das datas que figuren nas instrucións para regulamentar as operacións de peche do exercicio de 2021 en relación coa contabilización dos ingresos, gastos e pagamentos (acostuman efectuarse do 22 de novembro e até o 30 de decembro) imputaranse ao crédito inicial do exercicio de 2022. A data límite para tramitar estas solicitudes de imputación será o 1 de marzo de 2022.

No caso de financiamento alleo, a solicitude de imputación ao exercicio de 2022, adecuarase á vixencia e ás condicións da axuda.

No resto de expediente a data límite será o 30 de xuño de 2022, agás no caso de bolsas e axudas que será o 15 de novembro de 2022.

Base 10ª “LIMITACIÓNS”

As transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

- Non afectará aos créditos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- Non poderán minorarse os créditos incorporados como consecuencia de remanentes de exercicios anteriores, nin os que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, agás cando afectaren a créditos de persoal, redistribucións de crédito, aumentos por xeracións e o disposto na base 12.6, previa autorización do/a vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica.
- Non poderán incrementarse créditos que como consecuencia doutras transferencias fosen obxecto de minoración, agás cando afectaren a créditos de persoal (os créditos de persoal inclúen os de capítulo I e os créditos de capítulo VI, de financiamento alleo que correspondan a contratación de persoal laboral temporal), redistribucións de créditos e aumentos por xeracións.
- As transferencias de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a distintos programas de gasto deberán ser autorizadas polo/a vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica, logo de solicitude razoada formulada polo responsable do gasto. En ningún caso

será posible a transferencia de máis do 25% do crédito inicial entre aplicacións pertencentes a diferentes programas de gasto.

- No programa de gasto 300C “Centros”, non será posible a redistribución ou transferencia de máis do 50 % do crédito inicial desde o concepto 212 “reparacións, mantemento e conservación de edificios e outras construcións” a calquera outro concepto (non pertencente ao artigo 21) do programa ou doutros programas de gasto.

2.- Poderase crear, nos capítulos en que se considerasen necesarios unha aplicación orzamentaria de gastos, de carácter instrumental (fondo infraestrutura universidade) en que se recollan as compensacións de créditos e as retencións por cursos, contratos, proxectos de investigación, convenios, etc., segundo a normativa vixente.

Esta aplicación orzamentaria poderá, vía modificación correspondente, incrementar ou diminuír o seu crédito segundo as necesidades de execución orzamentaria.

Base 11ª “XERACIÓN DE CRÉDITO”

1.- Poderán xerar crédito no estado de gastos do orzamento os ingresos efectivos, os dereitos liquidados e os compromisos firmes de ingresos derivados das seguintes operacións:

- Subvencións e axudas públicas e privadas para financiar gastos finalistas.
- Contribucións de persoas físicas ou xurídicas para financiar, conxuntamente coa universidade, gastos que pola súa natureza estiveren comprendidos nos fins ou obxectos encomendados a esta.
- Prestación de servizos.
- Reembolso das prestacións destinadas a atencións sociais.
- Créditos do exterior para financiar investimentos públicos.

2.- As xeracións de crédito a que se fai referencia apartado 1 desta base, unicamente poderán realizarse polo exceso de ingreso sobre as cifras inicialmente orzadas.

3.- As xeracións de crédito efectuaranse no mesmo exercicio en que se produciu o ingreso, agás cando este tiver lugar no último trimestre do ano ou cando se tratar de fondos procedentes da Unión Europea ou da Administración Central do Estado ou da Administración Autonómica que os cofinancien, casos en que se poderá xerar crédito no exercicio seguinte, sempre que se xustifique a imposibilidade de ter tramitada a xeración no mesmo exercicio en que se produciu o ingreso.

4.- As solicitudes de xeración de créditos con cargo a futuros ingresos (adiantos) remitiranse polo responsable do crédito, xunto coa documentación xustificativa á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica. En tanto a situación económica da institución o permita, concederanse automaticamente unha vez verificado que o solicitante estea ao corrente das súas obrigas coa institución e que o adianto se axuste ao establecido no documento que o sustenta.

5.- Corresponde ao/á vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica a aprobación dos expedientes de xeración de crédito.

Base 12ª “INCORPORACIÓN”

1.- Poderán incorporarse aos estados de gastos do orzamento correspondente ao exercicio inmediato seguinte:

a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as xeracións e transferencias de crédito, que se concedesen ou autorizasen, respectivamente, nos últimos dous meses do exercicio orzamentario e que, por causas xustificadas, non puidesen ser utilizados durante o mesmo.

b) Os créditos que recollan compromisos de gastos debidamente tramitados no exercicio orzamentario e que non puidesen executarse ao fin do exercicio económico por causas xustificadas.

Con carácter xeral, será preciso que tales compromisos de gastos acadasen a fase de disposición. Fase “D” en contabilidade no exercicio orzamentario.

c) Os créditos destinados a operacións de capital.

d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados aos mesmos.

e) Os créditos xerados polas operacións enumeradas na base 11ª.

2.- Os remanentes incorporados segundo o previsto no apartado 1 desta base unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio orzamentario en que a incorporación se acorde, e nos supostos a) e b) dese número, para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a concesión, autorización e compromiso, agás os que corresponderen a créditos financiados por fondos ou subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas, que poderán ser incorporados en canto persista o dereito á percepción do ingreso que os financia.

Os importes totais ou parciais dos créditos incorporados para finalidades concretas e que por diversos motivos non sexan utilizados para a finalidade que motivou a súa incorporación, non poderán destinarse a financiar outros expedientes de gastos e deberá procederse a súa anulación ou compensación mediante modificación orzamentaria situar dito crédito nunha aplicación orzamentaria de servizos centrais e a cal, consecuentemente, tampouco poderá financiar expedientes de gasto.

3.- Os fondos correspondentes a financiamento finalista serán incorporables de acordo coa normativa que lles for aplicable en cada caso. A xestión orzamentaria do exercicio ao que se incorporan referidos a créditos de contratación de persoal estarase ao disposto na normativa específica que o regula

4.- Os créditos correspondentes a financiamento alleo, resultado de formalización de contratos administrativos por licitacións nas que participe a UDC, poderán incorporarse unha vez rematada a execución do contrato, para a realización de traballos vinculados ao contrato ou para labores de difusión do mesmo, ata un máximo de dous anos dende o remate do contrato.

4.- Para o exercicio de 2022, a incorporación de créditos realizarase consonte as instrucións que figuran no documento complementario I “Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2022 ao orzamento de gastos do exercicio económico de 2023”.

5.- Os créditos a que se refire a letra d) do apartado 1 desta base incorporaranse mediante o procedemento de incorporación abreviado, autorizado anualmente polo Xerente. Neste procedemento abreviado poderán incluírse outros créditos, sempre que correspondan a fondos ou subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras administracións públicas ou as súas entidades

dependentes, durante o período de vixencia do fondo ou para a súa devolución.

Tamén se incorporarán polo procedemento abreviado os créditos de contratos artigo 83 da LOU e as contías que correspondan a convenios con entidades privadas, como é o caso de INDITEX e o Banco de Santander e outras, durante o período de vixencia do contrato artigo 83/convenio, ou para a súa devolución.

6.- Os fondos procedentes do crédito denominado “Financiamento a grupos de investigación, unidades e investigadores individuais” (649.10) poderá ser incorporado aos dous exercicios seguintes ao da súa concesión. De igual xeito, os fondos propios xestionados polos centros de investigación que teñan carácter de investimento e que acadasen a cualificación de Centro de Investigación Singular ou outra etiqueta de calidade (ex. Centro singular do Citic) por parte da Xunta de Galicia ou entidade acreditadora poderán ser incorporados aos dous exercicios seguintes ao da súa consignación no orzamento de gastos.

7.- O crédito correspondente a bolsa concedida a cada beneficiario/a do Programa de atracción de talento da UDC “Berce para Ramón y Cajal”, incorporarase durante os cinco anos de duración do contrato ou no período de duración que estableza esta convocatoria.

8.- As contías pendentes de executar ao final de cada exercicio conforme ao establecido no artigo 7.2 da Instrución, aprobada polo Consello de Goberno de 28/9/2017 de “Solicitude e xestión de proxectos europeos do programa Horizon 2020 e doutros proxectos internacionais e de CI de Recursos Liberados dispoñibles no marco deste proxecto de I+D” e no artigo 7 da Instrución de 31/10/2019 de solicitude e xestión de proxectos do Consello Europeo de Investigación (ERC) e de custos indirectos e recursos liberados dispoñibles no marco destes proxectos de I+D, incorporaranse aos dous exercicios seguintes, contados a partir da data da súa consignación no orzamento da UDC.

Base 13ª “AXUDAS E SUBVENCIONES”

1.- Para a concesión de axudas e subvención con cargo aos orzamentos da universidade, aplicaranse criterios de publicidade, concorrência e obxectividade, consonte a lexislación autonómica e estatal aplicable.

Sen prexuízo de que o Consello de Goberno determine os criterios básicos, os órganos xestores competentes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión.

As citadas bases conterán como mínimo os seguintes extremos:

- Obxecto da subvención ou axuda.
- Financiamento. Cando o período da subvención ou axuda se estenda a máis dun exercicio económico, estarase ao disposto da base 3ª parágrafo 2.
- Requisitos que deben reunir as persoas beneficiarias para a obtención da axuda e das subvencións e forma de os acreditaren.
- Prazo e forma de xustificación por parte das persoas beneficiarias da aplicación definitiva dos fondos recibidos, incluso os librados, se for o caso, en concepto de anticipos.

- Forma e prazos de concesión da subvención, así como posibilidades de conceder anticipos da mesma.

2.- Non será aplicable o disposto no apartado anterior cando as axudas ou subvencións tiveren asignación nominativa nos orzamentos da universidade ou a súa concesión e contía lles foren esixibles en virtude dela.

3.- Os beneficiarios de subvencións ou axudas con cargo aos orzamentos da universidade deberán acreditar que cumpren os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración deberá constar no expediente que se tramite.

4.- A obtención concorrente de subvencións ou axudas autorizadas por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

5.- Os perceptores de subvención ou axudas con cargo aos orzamentos da universidade estarán obrigados a xustificar a aplicación de fondos recibidos nos prazos e condicións establecidos na resolución da concesión.

6.- Procederá o reintegro da axuda ou subvención percibida e mais os xuros de demora nos seguintes casos:

- Incumprimento da obriga de xustificación.
- Obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos nas bases reguladoras para a súa concesión.

No caso de que a universidade faga convocatorias de subvencións ou axudas financiadas con fondos europeos, procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación a que fai referencia o Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), a convocatoria, execución e xustificación destas axudas adecuaranse as condicións establecidas na normativa de aplicación.

Base 14ª “DOS GASTOS DE PERSOAL”

1.- As retribucións do persoal da universidade en activo quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispoña a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia e ao cumprimento do artigo 81.4 da Lei Orgánica de Universidades.

2.- O crédito destinado á produtividade e gratificacións do persoal funcionario utilizarase conforme ao disposto nos artigos 5º, 6º e 7º do Real decreto 1545/1987 do 11 de decembro (B.O.E. nº 301 de 17 de decembro), e á Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Os créditos destinados a gastos sociais de PAS funcionario, PAS laboral e persoal docente destinaranse a gastos desta natureza escoitada a opinión ou tida en conta a proposta da Xunta de Persoal, do Comité de Empresa e Xunta de Persoal Docente, respectivamente. Os compromisos que en materia de acción social figuren recollidos nos correspondentes pactos, acordos ou convenios non poderán superar o crédito que figure consignado nas correspondentes partidas do concepto 162.14. A este crédito imputaráselle o gasto correspondente á compensación de prezos públicos do persoal da UDC.

4.- A concesión de anticipos de nómina ao persoal desta universidade realizarase sempre que exista crédito adecuado e suficiente dándolle o correspondente tratamento non orzamentario.

5.- Para os efectos do disposto no artigo 98 dos Estatutos desta universidade destínase o crédito denominado Formación e Perfeccionamento do Persoal da Administración e Servizos (en diante PAS), para cubrir o custo do Plano Integral de Formación do PAS.

Base 15ª “DOS CRÉDITOS CENTRALIZADOS E DOS CENTROS”

1.- Descentralizaranse os créditos dos Capítulos II e VI nos centros e departamentos e grupos de investigación, nas contías que figuran no orzamento. O/a vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica poderá corrixir as carencias nas asignacións de créditos descentralizados, así como efectuar os axustes que se precisaren.

2.- Poderanse descentralizar nos centros os créditos para axudas que figuran no Capítulo IV. Para tal efecto, o/a Vicerreitor/a que, por delegación do/a Reitor/a, tiver atribuída a competencia de autorización do gasto, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento de crédito, realizará a oportuna transferencia de crédito á partida correspondente do centro.

3.- Conforme co establecido na Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica de 15/7/2021 a económica 226.00 “Gastos de funcionamento” ten carácter instrumental, polo que no poderá imputárselle ningún gasto directamente. Estará vinculada a un código orgánico específico e será preciso redistribuír o crédito de acordo coa natureza do gasto.

Os gastos que correspondan aos departamentos para o seu normal funcionamento, imputaranse de acordo co establecido na RR de 15/7/2021, para a adaptación e a reorganización económica dos departamentos aprobada no Consello de Goberno do 26/10/2016.

Para o aboamento dos gastos imputables a este concepto, dado que a normativa vixente prescribe que na imputación dos gastos deberá predominar a natureza destes, realizaranse as necesarias modificacións consonte as presentes bases.

4.- O disposto no apartado anterior aplicarase ao crédito destinado á cobertura dos gastos de funcionamento dos Institutos Universitarios.

5.- Con cargo ao Artigo 64 “Gastos e investimentos de carácter inmaterial” poderán imputarse e financiarse, entre outros conceptos, bolsas e contratos de investigación, coas limitacións establecidas no punto 8 desta base para o crédito orzamentario descentralizado de investigación con financiamento propio.

6.- Os créditos descentralizados do concepto orzamentario 625 teñen como destino a adquisición de material inventariable en que se inclúe os mobles e equipos de oficina. Ao concepto 623, en imputarase a adquisición de maquinaria, instalación e utensilios, equipamento científico e de laboratorio e actuacións que se realicen dentro do plan de eficiencia enerxética. A imputación destes gastos efectuarase nos subconceptos que correspondan conforme co establecido na Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica de 15/7/2021. As adquisicións de equipos para procesos de información imputaranse á económica 626.

A imputación a estes conceptos económicos adecuarase ao establecido na Resolución de 15/7/2021,

as normas que se diten en relación a imputación de gastos e a normativa en materia de inventario.

7.- Con cargo ao crédito 628 “Investimentos en fondos bibliográficos”, poderán adquirirse, libros, publicacións periódicas e outros materiais, textos científicos e académicos. A adquisición de fondos bibliográficos e documentais con cargo a créditos de financiamento alleo de proxectos, convenios, contratos artigo 83 e de créditos de financiamento propio, correspondentes a “Financiamento a grupos de investigación, unidades e investigadores individuais” ou outro financiamento propio, imputarase ao subconcepto 628.00: “Fondos bibliográficos e documentais”. Estes fondos serán tratados conforme ao establecido na UDC para os fondos bibliográficos.

A adquisición destes fondos deberá contar no expediente de gasto co conforme da biblioteca universitaria e procederase ao seu rexistro no programa de xestión bibliotecaria.

A imputación destes gastos efectuarase ao programa de gasto que corresponde 422D docencia universitaria/541A investigación.

Os libros, revistas e outras publicación que se merquen para formar parte dos fondos das bibliotecas incluíranse no capítulo VI.

8.- O crédito orzamentario descentralizado de investigación con financiamento propio (649.00/10) ten como destino o aboamento dos gastos de Departamentos e Grupos de Investigación derivados de investigación tales como os gastos de inscrición ou organización en cursos, congresos, feiras, exposicións; os derivados de desprazamento, manutención e estancia de persoas que participaren en actividades que se consideren necesarias para a investigación, incluídos os derivados de asistencia a cursos, congresos, exposicións; e os derivados de estudos e traballos técnicos relativos á investigación. Financiaranse con cargo a este crédito, logo da correspondente modificación orzamentaria, adquisición de todo tipo de bens inventariables, incluídos os programas informáticos. Igualmente poderán imputarse a este crédito os gastos correntes necesarios para levar a cabo a investigación, como son as adquisición de bens funxibles para laboratorios ou repostos para máquinas de laboratorio. Tamén se poderán financiar gastos, tramitando a correspondente modificación orzamentaria, fondos bibliográficos -628.00- (que, como é preceptivo, deberán ser catalogados e autorizados polos director/a da biblioteca).

No caso de que nesta aplicación económica se xeren créditos derivados de financiamento alleo estarase ao disposto na correspondente convocatoria e/ou resolución.

Non poderán financiarse, en ningún caso, con cargo a fondos propios contratos de persoal no capítulo VI, salvo nos seguintes casos:

- a) Para cofinanciar contratos de convocatorias de programas de recursos humanos concedidos á Universidade pola Administración Xeral do Estado, Xunta de Galicia, e outras entidades públicas.
- b) No caso de fondos procedentes da UDC, como contribución do orzamento a unha axuda, que se instrumenta con diferentes achegas publicas, nas que se requira a participación da Universidade, nas condicións establecidas na convocatoria publica aprobada.
- c) Para cofinanciar contratos de investigador distinguido asinados con gañadores de “ERC, starting or consolidator grant” ao abeiro do programa BERCE de apoio á ciencia excelente da

UDC.

Para o programa de atracción de talento “Berce para Ramón y Cajal” da UDC, destinado as persoas investigadoras RyC que desenvolvan o seu proxecto na UDC, estarase ao que estableza a convocatoria.

9.- Cos créditos correspondentes a RLDs de proxectos europeos, recollidos na Instrución de proxectos europeos aprobada polo Consello de Goberno de 28/9/2017, soamente se poderá contratar persoal laboral temporal capítulo VI para actividades inherentes ao desenvolvemento das tarefas de xustificación do proxecto. Esta circunstancia deberá acreditarse no expediente que se tramite. Neste caso o período de contratación non poderá superar o prazo de xustificación do proxecto e adecuarase á normativa de aplicación na Universidade. Constará tamén no expediente o período establecido para a xustificación do proxecto.

10.- Na instrución de peche do exercicio se determinará a data límite de tramitación de pagamentos con clave A para os efectos de IRPF.

Base 16ª “CONTABILIZACIÓN DE INGRESOS DE CARÁCTER FINALISTA”

Os gastos que se financien con ingresos concretos, deberán estar debidamente identificados no orzamento de ingresos e gastos. En todo caso, os recursos afectados deberán estar identificados e vinculados no orzamento de ingresos e de gastos, e procederase ao seu rexistro contable individualizado e á imputación orzamentaria dos dereitos e obrigas que se deriven da súa execución.

Para facilitar a contabilización de ingresos de carácter finalista (convenios, axudas, subvencións, etc.), a unidade administrativa responsable da súa tramitación deberá achegar á Xerencia un escrito motivado e xustificación documental, en relación ao ingreso, a súa finalidade do ingreso e, se for o caso, crédito no estado de gastos do orzamento que financia. O ingreso deberá estar asociado ao gasto que corresponda. A este escrito xuntase o anexo III da Circular 1/2010 sobre a base de datos de terceiros, referido aos datos fiscais e persoais de quen fai o ingreso, e unha copia do documento que fundamente tal ingreso (concesión do: proxecto, convenio, contrato, etc.).

A apertura das partidas, contabilización e seguimento de ingresos e gastos finalistas e dos seus custos indirectos, adecuarase a normativa que se dite nesta materia. O control levarase a cabo polo servizo con competencias en materia contabilidade e polos servizos ou unidades que correspondan en función do financiamento recibido.

En canto á retención a efectuar pola UDC en materia de convenios, estarase á normativa que especificamente aprobe a propia universidade.

A recadación e xestión orzamentaria dos ingresos correspondentes a cursos, xornadas, seminarios, etc. realizaranse de conformidade coa instrución de xerencia de data 30 de outubro de 1995 “Instrución de desenvolvemento das normas de réxime económico de cursos non regrados”.

Base 17ª “DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA”

1.- En materia de contratación administrativa é de aplicación para a Universidade da Coruña a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público (en diante LCSP), por la que se traspoñen ao ordenamento xurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e as normas que nesta materia se diten e a normativa interna da UDC.

2.- Calquera proposta de incoación de expedientes de contratación será remitida á Xerencia, que ordenará a súa tramitación segundo as normas establecidas ao efecto.

Nesta materia a UDC, como prevención contra o fraude, o favoritismo e a corrupción, conforme co establecido no artigo 64 da LCSP, require a declaración de ausencia de conflito de interese para as persoas que interveñan nos procedementos de contratación.

En materia de contratación menor, dende o ano 2018, a UDC ten establecido un procedemento informático para o control do fraccionamento na contratación menor.

Base 18ª “USOS e DESTINOS DO FONDO DE CONTINXENCIA DE EXECUCION ORZAMENTARIA”

Os usos e destinos do fondo de continxencia da execución orzamentaria terá os seguintes usos e destinos:

- a) **Situacións de emerxencia.** Atender expedientes de gasto por necesidades inaprazables que poidan aparecer nos diferentes centros de gasto de carácter non discrecional para as que non se fixera en todo ou en parte a adecuada dotación de crédito. Dentro destas necesidades inaprazables se inclúen gastos derivados de situacións de emerxencia causadas por temporais, desastres naturais, crisis sanitarias, incendios, derrubamentos, ou outras causas de forza maior que precisen dunha actuación inmediata e urxente e a conseguinte dotación de crédito.
- b) **Necesidades inaprazables en centros docentes ou de investigación.** Para atender as necesidades de gasto inaprazables en centros docentes ou de investigación para os que non haxa dotación suficiente na partida orzamentaria correspondente ou ben existindo saldo dispoñible en partidas orzamentarias de fondos centralizados, este estivese comprometido ou previsto para atender diferentes necesidades. Deste xeito, tal e como explica a base 9ª, debido ao seu carácter instrumental, o Capítulo V de gasto (“Fondo de Continxencia”) poderá financiar, mediante transferencia ordenada pola vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica, tanto gasto corrente como de capital en calquera programa.
- c) **Modificación orzamentaria dende capítulo 2 a 6.** Naqueles casos nos que exista unha necesidade de gasto urxente e inaprazable (debidamente acreditada no expediente) en capítulo VI habendo saldo dispoñible noutra partida no capítulo II (fondos centralizados ou descentralizados), poderá utilizarse este fondo para dotar a partida orzamentaria de capítulo VI. Simultaneamente, o fondo de continxencia recibirá o mesmo importe procedente do centro de gasto que precisa realizar esta xestión. No resto de casos, as transferencias realizadas do capítulo 2 ao 6 debe de ser autorizada polo Consello de Goberno tal e como recolle a base novena (9ª), apartado quinto.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira: Autorízase á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e ao xerente para que diten as instrucións necesarias para o desenvolvemento das presentes bases.

Segunda: Poderáselle asignar a xestión de créditos orzamentarios mediante resolución reitoral aos Centros de Gastos. A relación de centros de gasto vixente á aprobación do presente Orzamento poderase modificar mediante resolución reitoral, como consecuencia de calquera variación que durante o exercicio poida producirse sobre alta, modificación ou baixa de Centros de Gastos.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte á aprobación deste documento.

Documento Complementario I:

“Instrucións para Regular a Incorporación de Créditos do Orzamento de Gastos de 2022 ao Orzamento de Gastos do Exercicio Económico de 2023”

A) LEXISLACIÓN:

- Art. 59 e 71 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Art. 49 e 58 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

B) CRITERIOS SOBRE INCORPORACIÓNS:

XERAL: Os créditos destinados a atender gastos que o 31/12/2022 como derradeiro día do exercicio non estean afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas (FASE O), quedarán anulados de pleno dereito. Estes expedientes de gasto en fase “O” deberán estar validados polo Servizo de Control Interno ou contabilizados conforme o procedemento que se estableza por RR para a exención da intervención limitada previa,

EXCEPCIONAL: Poderán incorporarse ao estado de gastos do orzamento correspondente ao exercicio inmediato seguinte:

- a. Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as xeracións e transferencias de crédito, que se concedesen ou autorizasen, respectivamente, no mes de novembro ou decembro e que, por causas xustificadas, non puidesen ser utilizados durante este.
- b. Os créditos que recollan compromisos de gastos debidamente adquiridos segundo o disposto na Instrución de peche de 2022 que non puidesen executarse a fin do exercicio económico por causas xustificadas. Debe acreditarse no expediente que se tramite o motivo da non execución no exercicio de procedencia.

Será preciso que, no sistema informático UXXI-E e antes do 31 de decembro de 2022, todos os compromisos de gastos a incorporar acadasen a fase de disposición (fase D). Deben estar tramitados de acordo co establecido no apartado “xeral” anterior, agás aqueles que, por estaren destinados a convocatorias de bolsas e axudas, precisarán unicamente estar formalizados contablemente en fase “A”.

- c. Os créditos destinados a operacións de capital.
- d. Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados ós mesmos e as xeracións de créditos.
- e. Os créditos xerados por achegas doutras administracións públicas ou persoas físicas ou xurídicas para financiar gastos afectados pola prestación de servizo e financiar investimentos públicos, en tanto estean vixentes e persista o dereito a percepción do ingreso que os financia.

C) CONSIDERACIÓNS PRÁCTICAS PARA AS INCORPORACIÓNS DE CRÉDITOS AO EXERCICIO DE 2023.

Regras Xerais

Créditos de vixencia anual para atender necesidades que estean previstas no exercicio, non se poden incorporar.

Créditos que inicialmente non figuran no orzamento e que a súa vixencia económica é atender obrigas debidamente tramitadas e formalizadas que se estenden máis alá do exercicio económico vixente, si se poden incorporar.

CAPÍTULO I: “GASTOS DE PERSOAL”

Poderanse incorporar os créditos correspondentes á seguridade social (concepto 160) do mes de decembro de 2022, os gastos sociais (concepto 162), os gastos de formación do PAS (subconcepto 162.00) e o remanente do persoal de apoio (130.04).

CAPÍTULO II: “GASTOS EN BENS E SERVIZOS CORRENTES”

Son créditos para atender obrigas referidas a bens e servizos que se producen durante e para cada exercicio. Os dispoñibles a 31/12/2022 non se incorporan.

Excepcións: mestrados, cursos de especialización e outros cursos e actividades con vixencia no presente exercicio e no vindeiro con financiamento finalista, así como cátedras con convenio vixente no exercicio 2023 que financie a actividade.

CAPÍTULO IV: “TRANSFERENCIAS CORRENTES”

Poderanse incorporar os créditos correspondentes a bolsas e axudas convocadas no exercicio 2022 e que acadaron a fase de disposición (fase D) antes do 31 de decembro (deben estar tramitados de acordo co establecido no apartado “xeral” do apartado B). Excepcionalmente, poderanse incorporar créditos que acadaron a fase de autorización (fase A) sempre que o responsable xustifique cumpridamente as razóns, nos casos seguintes:

- bolsas que estean ligadas a actuacións singulares financiadas con cargo ao exercicio corrente, pero que se estendan máis aló del, e as axudas de proxectos Erasmus+ e doutras axudas con financiamento alleo, imputadas ao capítulo IV, nas condicións que estableza a normativa reguladora de aplicación.

- bolsas que acadando a fase de autorización (A), non acadasen a fase de compromiso de gasto (D) por non estar resolta a convocatoria, sempre que a dita convocatoria fose publicada no exercicio de 2022 e prevalezan as mesmas condicións no exercicio 2023.

- bolsas que atopándose en fase de autorización (A), constitúan remanentes que terán que devolverse á entidade concedente.

CAPÍTULO VI: “INVESTIMENTOS REAIS”

Poderanse incorporar os créditos que acaden a fase de disposición (fase D) antes do 31 de decembro

de 2022 (deben estar tramitados de acordo co establecido no apartado “xeral” do apartado B) e os créditos finalistas con vixencia de execución en exercicios futuros.

Créditos de Investigación

En relación cos **créditos de investigación**, os criterios de incorporación serán os seguintes:

A) Fondos de investigación: poderán incorporarse ao exercicio 2023 só os remanentes de 2022, agás o crédito procedente da aplicación orzamentaria “Fondos de financiamento a grupos de investigación, unidades e investigadores individuais” (649.10) que se poderá incorporar aos dous exercicios seguintes aos da súa concesión, logo de solicitude expresa.

B) As contías pendentes de executar ao final de cada exercicio conforme ao establecido no artigo 7.2 da Instrución, aprobada polo Consello de Goberno de 28/9/2017 de “Solicitude e xestión de proxectos europeos do programa Horizon 2020 e doutros proxectos internacionais e de CI de Recursos Liberados dispoñibles no marco deste proxecto de I+D” e no artigo 7 da Instrución de 31/10/2019 de solicitude e xestión de proxectos do Consello Europeo de Investigación (ERC) e de custos indirectos e recursos liberados dispoñibles no marco destes proxectos de I+D, incorporaranse aos dous exercicios seguintes, contados a partir da data da súa consignación no orzamento da UDC. Debe acreditarse no expediente que se tramite a data de consignación do crédito no orzamento de gastos da UDC.

C) O crédito correspondente a bolsa concedida a cada beneficiario/a do Programa de atracción de talento da UDC “Berce para Ramón y Cajal”, incorporarase durante os cinco anos de duración do contrato ou no período de duración que estableza esta convocatoria.

D.- O créditos correspondentes a financiamento alleo, resultado de formalización de contratos administrativos por licitacións nas que participe a UDC, poderán incorporarse unha vez rematada a execución do contrato, para a realización de traballos vinculados ao contrato ou para labores de difusión do mesmo, ata un máximo de dous anos dende o remate do contrato.

E) Proxectos de investigación: poderanse incorporar durante a súa vixencia, sempre que a convocatoria non o impida. Corresponderá ás unidades administrativas encargadas da xestión orzamentaria previa conformidade do responsable do crédito.

F) Infraestrutura: vixencia da concesión.

G) Convenios/contratos/axudas de Investigación: poderanse incorporar durante a súa vixencia, sempre que o/a convenio/contrato/concesión non o impida.

A incorporación do financiamento alleo de: proxectos nacionais, actuacións de infraestrutura, proxectos europeos, programas de recursos humanos e convenios/contratos artigo 83 da LOU, adecuarase ao procedemento establecido para a súa incorporación abreviada.

Créditos de Persoal

- Serán obxecto de incorporación nos primeiros días do exercicio de 2023 os créditos correspondentes a contratos de persoal subscritos con financiamento alleo sempre que acaden a fase de disposición (fase D) e de acordo co procedemento establecido para cada caso.

- As liquidacións correspondentes á seguridade social do mes de decembro de 2022 deberán ser tramitadas con data anterior ao 15 de xaneiro de 2023. No caso de non ser posible tramitalo antes da data indicada xustificárase documentalmente.

Bibliotecas

En relación cos créditos destinados a fondos bibliográficos, para proceder á súa incorporación aplicárase a norma xeral (documento contable AD), agás o financiamento alleo.

CAPÍTULOS VII E VIII: “TRANSFERENCIAS DE CAPITAL” E “ACTIVOS FINANCEIROS”

Poderanse incorporar os créditos correspondentes a este capítulo que a 31 de decembro de 2022 estean en fase de disposición (fase D) (deben estar tramitados de acordo co establecido no apartado “xeral” do apartado B)

TRAMITACIÓN XERAL:

Cada centro de gasto que xestiona créditos orzamentarios, deberá remitir a solicitude de incorporación ao exercicio 2023 e certificación de continuidade da xestión do crédito no exercicio 2023 segundo modelo (anexo I) xunto coa relación emitida polo UXXI-EC/módulo Docuconta: “consulta por documentos validados”.

A Instrución para regulamentar as operacións de peche do exercicio 2022 determinará os prazos para a remisión dos anteriores informes e da documentación xustificativa que sexa necesaria segundo o procedemento pormenorizado que comunicará a Xerencia. Recibidos na Xerencia, pasaranse ao informe do Servizo de Control Interno, e unha vez aprobadas, procederase á súa imputación no orzamento de 2023 por parte da Xerencia

Coa finalidade de resolver cuestións referidas aos expedientes de incorporacións de crédito, por parte da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica, e da Xerencia establecerase o procedemento para a súa resolución. As cuestións correspondentes coa incorporación de créditos serán resoltas pola denominada Comisión de Incorporación, integrada polo vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica e o xerente.

TRASPASO DE SALDOS AO NOVO EXERCICIO

Naqueles casos nos que se determine regulamentariamente se habilitará o procedemento para o traspaso de saldos e se establecerán as condicións para facelo efectivo. Dito procedemento de incorporación se establecerá na instrución de incorporación que se redacte para o exercicio 2022/2023.

A incorporación do financiamento alleo de: proxectos nacionais, actuacións de infraestrutura, proxectos europeos, programas de recursos humanos e convenios/contratos artigo 83 da LOU, adecuarase ao procedemento establecido para a súa incorporación abreviada.

ANEXO I

SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN DE CRÉDITO AO EXERCICIO DE 2023 E CERTIFICACIÓN DE CONTINUIDADE DA XESTIÓN DO CRÉDITO NO EXERCICIO DE 2023

D./D^a. _____

en calidade de¹ _____

da actividade: _____

vinculada a aplicación orzamentaria: _____

CERTIFICO:

A continuidade da xestión do crédito no exercicio 2023, solicitando a incorporación do crédito a 31 de decembro de 2022, por un importe de _____ €, coa finalidade de:

² _____

A contía do crédito solicitado, figura como:

☐ crédito autorizado

☐ crédito comprometido

☐ crédito dispoñible

Para que conste e remisión á Xerencia, na Coruña / Ferrol o (na data da sinatura dixital)

Asinado por o/a responsable da actividade e o/a responsable da tramitación económica

SR/A.XERENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

¹ Director/a, coordinador/a, responsable da actividade.

² Indicando o motivo ou a circunstancia da incorporación (continuar coa actividade de... proxecto, convenio, curso, etc., ou a devolución do crédito á entidade financiadora)